

13

**A EDUCACIÓN AMBIENTAL
EN GALICIA**

UNHA REVISTA DE COLECCIÓN !



**CONSEGUE A COLECCIÓN COMPLETA DA REVISTA
CERNA**

Realiza o pedido dirixíndote ó local de ADEGA
Praza Camilo Díaz Valiño 15 - 2ªA de Santiago. Telf. e Fax: (981) 57 00 99
e-mail: adega@ctv.es
Web: www.adegagaliza.org

CONTIDO

1. A Estratexia Galega de Educación Ambiental, papel mollado Ramsés Pérez e Manuel Soto	3
2. Tres anos da Estratexia Galega de Educación Ambiental: valoración e propostas da Sociedade Galega de Educación Ambiental	7
3. Os Equipamentos de Educación Ambiental: o estado da cuestión en Galicia Araceli Serantes	29
4. ¿Profesionais da Educación Ambiental? Xulio Gutiérrez	43
5. O Prestige, o poder da Educación Ambiental e Nos Pablo Meira	47

• COORDENACIÓN E EDICIÓN •

Ramsés Pérez, Licenciado en Pedagogía, Vocal da Área de educación Ambiental de ADEGA. Representante dos grupos ecoloxistas galegos no Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA)

Manuel Soto, Profesor Titular de Enxeñería Química da Universidade da Coruña

• AUTORES/AS •

Pablo Meira, Doutor en Ciencias da Educación, Profesor da Universidade de Santiago de Compostela

Xulio Gutiérrez. Licenciado en Bioloxía, Presidente da Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA)

Araceli Serantes, Licenciada en Ciencias da Educación, Profesora da Universidade da Coruña

ADEGA CADERNOS

Depósito Legal Nº 1390/96 ISSN.: 1137-0262

Edita: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Coordena: Manuel Soto

ADEGA. Praza Camilo Díaz Valiño, 15 - 2ªA. 15704 -
Santiago. Tf/Fax 981570099Correo-e: adega@adegagaliza.orgwww.adegagaliza.org

1º EDICIÓN: SETEMBRO 2004

O presente caderno conta cunha axuda da

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIODirección Xeral de Investigación
e Desenvolvemento

Impresión e maquetación

NINO (Centro de Impresión Dixital)

Rosalía de castro, 56 - Tel.: 981590302

As ideas, afirmacións e posicionamentos vertidos polos autores en ADEGA CADERNOS son responsabilidade exclusiva dos mesmos. Permitida a reprodución, sempre que se cite a fonte - Editado en papel reciclado 100% para preservar os bosques, evitar a contaminación das celulosas e contribuír á reciclaxe do lixo.

A ESTRATEXIA GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL: PAPEL MOLLADO

Ramsés Pérez Rodríguez e Manuel Soto Castiñeira

O que puido ter sido un punto de inflexión na educación ambiental no noso país, quedouse só nunha caricatura. O 9 de novembro de 1999 aprobouse no Consello Galego de Medio Ambiente a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), sen ningún voto en contra pero coa abstención de Adegas. Esta abstención foi explicada con precisión e resultou premonitoria: criticábase a diverxencia entre un documento teórico e a política ambiental da Xunta, e dubidábase da intención desta de levar á práctica os seus contidos e recomendacións. Catro anos despois, estas dúbidas parecen plenamente confirmadas.

A EGEA foi considerada no seu momento como un fito na educación ambiental (E.A. en diante) en Galiza dende diversos ámbitos sociais, que se viron ilusionados polos interese propagandísticos da Xunta. Adegas fíxolle xa daquela varias críticas ao documento aprobado (véxase o nº 28 de Cerna, pax. 16-17) entre as que destacamos as seguintes;

- A exclusión de Adegas da mesa de negociación e as presas por aprobar un documento, pola única razón de ser presentado como a primeira estratexia de EA do Estado.
- A falta de compromisos concretos por parte da Consellería na consolidación da EA.
- A concepción dunha educación ambiental claramente mercantilista, pola recomendación ás asociacións para que acudan a empresas e fundacións de carácter privado para acadar financiamento, prescindindo de calquera liña de axudas procedente do sector público.
- A concepción dunha EA como fin en si mesma, en lugar de considerala como unha ferramenta dos planos de xestión ambiental, esquecéndose da retroalimentación que os contidos e obxectivos destes planos deben ter sobre a EA.

As propostas de Adegas de elaborar unha programación anual ou bianual que indicara as liñas de acción prioritarias en función da problemática ambiental, seguida dunha memoria e unha avaliación anual xa non foron aceptadas para formaren parte do texto definitivo.

Postas de manifesto estas lagoas de tipo práctico, unha vez aprobado o documento, Adegas tomouno como referencia teórica e guía a seguir na



aplicación da Estratexia, do que cada sector social debería facer, e en especial as administracións como encargadas da xestión dos cartos públicos e das políticas educativas.

Como está a EGEA catro anos mais tarde?

A propia Estratexia acordou un horizonte temporal de seis anos (2000-2006) para unha primeira aplicación das súas recomendacións, simultaneamente en todos os sectores, co obxectivo de conquistar uns cambios significativos no desenvolvemento da Educación Ambiental na Galiza. Cando xa temos sobrepasado o ecuador deste período, pouco ou nada se ten avanzado, estando diante dun balanço globalmente negativo e desesperanzador, en coincidencia coa avaliación feita pola Sociedade Galega de Educación Ambiental (www.sgea.org).

A EGEA prevía para o seguimento da súa aplicación un Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA), aínda que non o definía con claridade. O OGEA constituíuse o 29 de outubro do 2002, como "órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento dos axentes sociais implicados en relación coa Consellería de Medio Ambiente en materia de Educación Ambiental en Galicia". A día de hoxe non ten avanzado en ningunha cuestión relacionada co seu cometido, e só cabe destacar o incumprimento da convocatoria do mesmo por parte da Consellería, xa que pasou ano e medio entre a súa primeira xuntanza e a segunda (2 de marzo do 2004), cando debería de se reunir polo menos unha vez cada seis meses. Mesmamente, esta segunda reunión só tivo lugar tras unha queixa da FEG ante o valedor do pobo.

Por qué tanto desinterese?

Segundo se pode desprender do texto da Estratexia, as intervencións educativas deben pretender mudar unha sociedade con serios problemas ambientais mediante a participación social que guíe cara un novo rumbo.... Sendo esta a teoría, o desinterese da Consellería de Medio Ambiente é comprensíbel se temos en conta que a administración autonómica ten unha responsabilidade importante nese deterioro ambiental, e de sobra amosou a súa incompetencia e desinterese en temas tan graves como o do Prestige.

Obviamente, non só está a fallar a Consellería e a Xunta, senón que a maioría dos sectores sociais implicados na Estratexia pouco ou nada teñen avanzado na súa aplicación. Son excepción unicamente algunha administración local, contados concellos, e algunha outra actuación sectorial, como as ligadas aos plans comarcais de reciclaxe do lixo. Aínda que unha avaliación pormenorizada farémola proximamente nun

ADEGA-Cadernos, podemos adiantar o importante esforzo realizado por Adegas neste eido: Adegas realizou un importante traballo nesta área nestes últimos anos , reflectido en que e está a cumprir polo menos sete das oito recomendacións feitas na Estratexia ás asociacións ecoloxistas.

TRES ANOS DA ESTRATEXIA GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL: VALORACIÓN E PROPOSTAS DA SOCIEDADE GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Documento aprobado por unanimidade nas II Xornadas da SGEA: A Estratexia Galega de Educación Ambiental, realidades e ficcións, Casa da Xuventude de Lalín, do 13 ao 15 de decembro de 2002

1. ¿Por que este documento? ¿Por que agora?

O 9 de novembro de 1999, o Consello Galego do Medio Ambiente aprobou o texto definitivo da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA). Por vez primeira na traxectoria deste organismo consultivo un documento foi informado positivamente, sen votos en contra. O texto da EGEA foi publicado integramente no Diario Oficial de Galicia (Resolución 3/10/2000 pola que se publica a Estratexia Galega de Educación Ambiental, DOG de 23/10/2000), o que da idea da relevancia, aló menos formal, que o Goberno autonómico lle concedeu nese momento. Tomando como data de referencia a aprobación da EGEA no plenario do Consello Galego do Medio Ambiente cúmprense agora os 3 anos de vixencia da EGEA, a metade dos 6 anos que no mesmo documento se establecen para a aplicación das recomendacións que recolle.

Parécenos, pois, que este é un momento especialmente axeitado para facer unha valoración en profundidade do feito ate agora, das eivas que aínda se manteñen no campo da Educación Ambiental, do papel que están a xogar os distintos axentes implicados no seu desenvolvemento e, sobre todo, para identificar e expoñer publicamente as liñas de futuro que, a xuízo da SGEA, deberán marcar o quefacer educativo-ambiental nos próximos anos.

Na SGEA somos conscientes de que a *Estratexia*... pode marcar un antes e un despois no desenvolvemento da Educación Ambiental (EA) en Galicia, pois se trata do primeiro intento medianamente ambicioso para definir unha pauta de acción fundamentada e integral co fin explícito de poñer a EA ó servizo dunha determinada concepción das relacións entre a sociedade e o ambiente: aquela que propugna un modelo de desenvolvemento que tenda cara a sustentabilidade.

Feita esta primeira valoración positiva, é preciso recoñecerlo risco real de que a *Estratexia* acabe converténdose nun documento máis, dos moitos que se teñen elaborado "en", "para" e "sobre" a EA en distintos foros e ámbitos institucionais, e que despois serven case exclusivamente para recordalo que se debería ter feito pero no se fixo.

atribuídas competencias relacionadas coa educación, a información e a divulgación ambiental.

O CITA aparece sen ter como referencia outros organismos ou direccións xerais preexistentes e, polo tanto, foi preciso desenvolver e concibir *ex novo* as súas liñas e proxectos de acción. Esta necesidade e a elección dunha persoa que proviña do mundo da Educación Ambiental para ocupala xefatura de servizo con responsabilidade neste ámbito abriu a porta a actuacións ata ese momento inéditas.

A finais de 1998, a posibilidade de deseñar unha estratexia marco de EA foi tomando corpo. Os responsables políticos da Consellería de Medio Ambiente, sensibles nese momento a iniciativas que dotasen de contido ó novo organismo e desenvolvesen as súas funcións máis específicas, decidiron apostar por este proxecto.

3. O proceso de elaboración da EGEA

Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma do Estado español en rematar o proceso de elaboración dunha estratexia territorial de EA. A súa presentación pública coincidiu no tempo coa do *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*, documento considerado como a “estratexia” estatal marco neste ámbito.



Dende unha óptica descritiva, o proceso seguido pódese sintetizar nas seguintes etapas ou fases:

1ª.- Elaboración de documentos e informes preparatorios. O CITA encargou estudos diagnósticos sectoriais e documentos previos que serviron para esbozar un primeiro borrador. Nesta fase participaron un equipo da Universidade de Santiago de Compostela, o Taller de Educación Ambiental do ICE da mesma Universidade, una empresa privada (CEM, Cooperativa de Educación Ambiental) e unha periodista da Radio Galega.

2ª.- Paralelamente, foi constituída a denominada "mesa de participación" integrada por representantes de 21 institucións e colectivos sociais (Consellerías e organismos autonómicos, sindicatos, asociacións empresariais, movementos de renovación pedagóxica, grupos ecoloxistas, etc.) seleccionados pola Administración. A súa función era realizar propostas destinadas a enriquecer o traballo dos expertos. Só se celebraron dúas reunións plenarias ás que asistiron –e non todos- os convocados a esta mesa, xunto cos equipos responsábeis da redacción dos estudos previos. Ademais das contribucións feitas en dito foro, outros colectivos e persoas tamén realizaron aportacións por escrito. Os estudos previos, de carácter diagnóstico e propositivo, foron entregados ó CITA en abril de 1999.

3ª.- A partir destes aportes iniciais, **un equipo integrado por responsábeis do CITA** redactou un primeiro borrador que foi presentado e debatido nas *IV Xornadas Galegas de Educación Ambiental* celebradas en maio de 1999. Cos aportes deste debate –realmente breve pois só se lle dedicaron 4 horas nun seminario simultáneo a outros- confeccionouse un segundo borrador que foi sometido a consulta pública –que non a debate- por distintas vías: inserción do texto na web da Consellería de Medio Ambiente e distribución gratuita de exemplares policopiados. Toda aquela persoa ou colectivo que o considerou oportuno tivo a posibilidade de manifesta-la súa opinión e presentar suxestións. Como se recolle nun balance desta etapa "al primer borrador se presentaron por parte de cidadanos e instituciones 134 aportaciones, de las que 127 fueron incluidas. Al segundo borrador se hicieron 114 nuevas aportaciones, de las que 80 fueron incluidas" (Casares, 2001: 48).

4ª.- O terceiro borrador da EGEA foi entregado en outubro de 1999 ó **Consello Galego do Medio Ambiente (COGAMA)**. No debate que orixinou o texto foi obxecto de cambios menores. Como xa adiantamos, o 9 de novembro de 1999 foi aprobada a versión definitiva, sendo a primeira vez en que o COGAMA, creado en 1984, informa positivamente un documento sen votos en contra.

4. O proceso de elaboración da EGEA: leccións aprendidas e por aprender

O proceso de elaboración da *Estratexia*, demorou menos dun ano, un intervalo de tempo que non é, en si mesmo, nin bo nin malo, pero non cabe dúbida que a súa relativa brevidade, comparada con outras iniciativas similares, condicionou máis do desexable o proceso seguido. Cremos que probablemente éramos e somos unha das comunidades do Estado máis necesitadas dunha iniciativa deste tipo, que puidera servir para dinamizar un panorama esclerotizado e deprimido.

Pero urxencia e precipitación son verbas con campos semánticos demasiado próximos entre si e cuestionámonos se un ritmo máis pausado os estudos de podería ter contribuído a que a *Estratexia* fora asumida e interiorizada pola comunidade de axentes sociais e institucionais chamados a súa concreción práctica.

Consideramos que o escaso tempo habilitado para a realización dos estudos diagnósticos previos, pouco máis de catro meses, é unha das principais eivas do proceso. A elo súmase o desequilibrio existente entre os distintos informes emitidos, aló menos si se comparan as breves sínteses introdutorias que acompañan os distintos apartados da *Estratexia*...: poucos datos e conclusións diagnósticas demasiado grosas e con baleiros importantes. O feito de que estes informes non viran a luz pública e a inexistencia de estudos posteriores que permitan facer unha lectura máis fonda da realidade neste ámbito fai necesario, de entrada, que se afronte un novo diagnóstico con maior rigor metodolóxico, profundidade e detalle.

O tipo de dinámica participativa que propiciou a Consellería de Medio Ambiente, pódese encadrar na modalidade que se denomina "**participación consultiva**" (Pimbert e Pretty, 1995: 26; UNDP, 1999: 6; De Castro, 2000: 19): a institución promotora habilitou un proceso no que se fixaron prazos e facilitaron canles para que distintos axentes sociais, públicos e privados, fixeran chegar a un "equipo redactor" as súas suxestións e puntos de vista, pero foi o equipo redactor quen finalmente decidiu que propostas incorporar ó documento final. O proceso de decisión que levou a depurar estas propostas non foi nunca de dominio público, sendo establecido pola Administración.

Ben é certo que dito equipo, integrado por técnicos e responsábeis políticos da Consellería de Medio Ambiente, foi permeable a aportes externos; pero tamén que o resultado final non é en rigor un documento de consenso, froito dun debate aberto e plural de principio a fin senón que obedeceu a unha visión restritiva do principio de participación pública.

Un proceso que habilitara mecanismos de participación, negociación e consenso houbera servido a unha tripla finalidade:

facilitala participación e implicación dos colectivos sociais, organismos e institucións potencialmente interesados na definición das directrices e das decisións que teñen que ver coa planificación e concreción de políticas públicas (neste caso da EA);

convertelo mesmo proceso de elaboración da estratexia nunha acción educativa que servise para estimulala reflexión e promover cambios nas concepcións e prácticas educativo-ambientais dos axentes implicados;

e implicar e responsabilizar aos colectivos sociais interpelados polo documento no seu proceso de concreción posterior (facelo "seu").

Ademais de considerar estas claves quizais conveña facer unha análise máis polo miúdo sobre este aspecto.

En primeiro lugar, cabe destacar o déficit na cultura democrática que impregna a sociedade Galega e, principalmente, ás súas institucións de goberno, refractarias en extremo a promover procesos abertos e plurais que faciliten a participación cidadán no deseño das políticas públicas e na toma de decisións. A elo súmase unha hexemonía política e institucional instaurada despois de 20 anos de goberno case ininterrompido do Partido Popular, cunha clara tendencia a ocupar e monopolizar tódolos espazos institucionais e da vida pública, e a considerar como unha ameaza calquera apertura a formas alternativas de concibir ou facer a sociedade.

Esta "cultura política", visible na "apropiación" da EGEA por parte da Administración promotora, entorpeceu e entorpece a súa asunción por outros axentes sociais; de feito, moitos non se sentiron realmente partícipes da súa elaboración e outros ven con escepticismo e desconfianza a súa posta en práctica, considerándoa un instrumento propagandístico máis para a lexitimación política e social de quen ostenta o poder.

En segundo lugar, tamén hai que buscar explicacións na pouca madurez mostrada por moitos axentes que o seu punto de vista e implicación serían importantes para concibir e aplicar unha estratexia realmente transformadora. Poucos dos colectivos e institucións convocados á mesa de participación emitiron informes ou realizaron propostas –sectoriais ou globais, críticas ou de consenso– con un grao de reflexión, elaboración e profundidade que se puidese cualificar de elevado. A elo, como xa resaltamos, contribuíu a brevidade do proceso e a modalidade de participación posta en práctica (consultiva). Pero

tamén é preciso destacar o escaso nivel de reflexión sobre a Educación Ambiental en xeral y sobre o seu papel na sociedade galega, carencia que tamén quedou patente nos debates públicos puntuais realizados durante a elaboración da EGEA. Non coñecemos, ben é certo, a totalidade dos aportes realizados nas fases intermedias, que permanecen na "caixa negra" do equipo redactor.

A pesar dos déficits iniciais, dende a Sociedade Galega de Educación Ambiental pensamos que a EGEA ofrece un guión mellorable pero válido para rachalas inercias establecidas e incrementar o peso da acción educativa como instrumento para moldear a cultura ambiental da sociedade galega. Cremos, sinceramente, que gran parte dos problemas que veñen lastrando e condicionando nos tres anos transcorridos a súa aplicación efectiva aínda poden ser reconducidos.

En conclusión, **o proceso foi unha oportunidade en gran medida desaproveitada** para potencia a Educación Ambiental como un instrumento poderoso diante dos desafíos da crise ambiental e as súas manifestacións en Galicia. Un ritmo máis pausado e un deseño máis aberto que facilitase un maior nivel de participación e implicación dos axentes sociais e institucionais que se pretenden activar coa *Estratexia...*, un procedemento máis activo e colaborativo para establecer obxectivos e liñas de acción consensuadas e compartidas fronte as inercias establecidas, houbera deixado á EGEA nunha mellor situación de partida dotándoa de maior lexitimidade diante dos colectivos implicados.

5. A difusión da EGEA

Para o lanzamento oficial da *Estratexia...* non se escolleu nin o momento nin o lugar máis oportunos, facéndoo coincidir coa campaña para as eleccións xerais do ano 2000. De feito, nese contexto era fácil que se confundise a presentación cun acto electoralista do Partido Popular, como así foi, por exemplo, nos medios de comunicación. A presentación estivo copresidida polos Conselleiros de Educación e de Medio Ambiente, o que da idea da relevancia institucional e política do acto.

A presentación tivo un impacto mediático escaso e pasou practicamente inadvertida na voráxine electoral, sendo a súa proxección aínda máis limitada entre os sectores directamente aludidos pola EGEA. Resulta obvio que non foi a mellor forma de presentar en sociedade un documento que aspira a servir de referencia común á pluralidade de actores interesados na problemática ambiental, acentuando a imaxe de "apropiación" institucional xa comentada.

Se un documento deste tipo, sen validez normativo-legal ou prescriptiva, de carácter eminentemente orientativo, non é coñecido,

aceptado e interiorizado polos sectores máis implicados dificilmente cabe esperar cambios importantes no seu proceder. De feito, no tempo transcorrido dende a súa presentación non resulta fácil identificar unha táctica definida por parte da Consellería de Medio Ambiente para publicitar e promover socialmente as recomendacións contidas na *Estratexia...* Nin sequera dentro da mesma Administración autonómica se observan iniciativas claramente orientadas a difundir e aplicar entre os seus organismos e estamentos as directrices e recomendacións que a incumben máis directamente.

6. O financiamento da EGEA

Na redacción final da *Estratexia...* non existe un apartado específico sobre a financiamento das iniciativas propostas. Sen embargo os expertos que interviñeron na "mesa de participación" amosaron a súa preocupación polos aspectos económicos da aplicación da *Estratexia...* A opinión unánime expresada na reunión do 19/02/99 foi que precisaría da adxudicación dunha importante cantidade de recursos monetarios e de todo tipo para a súa posta en práctica que debería reflectirse no propio documento. A pesares de que o CITA comprometeuse publicamente a elaborar este apartado, sempre que este tema volveu a formar parte dos debates foi desestimado polos representantes da Consellería de Medio Ambiente e foi resolto no documento final cunhas poucas frases carentes de concreción.

A falla de financiamento é o xeito máis sinxelo de deixar esmorecer unha iniciativa ademais dunha mostra clara da ausencia de vontade política para aplicar a *Estratexia...*, por este motivo pediuse reiteradamente que as Administracións, especialmente a Administración Autonómica e nomeadamente as Consellería de Medio Ambiente e de Educación e O.U. amosaran o seu compromiso con partidas orzamentarias concretas. Hoxe en día esta expectativa continúa vixente.

A adxudicación de recursos non só debe ser suficiente senón tamén transparente. Dificilmente resultan cribles as declaracións de que as partidas orzamentarias son obxecto de importantes incrementos se non se ofrecen ademais as cifras desagregadas por programas e actividades.

7. O desenvolvemento da EGEA: poucos logros e moitas tarefas pendentes

É xusto recoñece-la existencia dalgunhas accións da Consellería de Medio Ambiente que responderon alomenos formalmente, ós compromisos asumidos coa elaboración da EGEA. As máis salientables son:

- A promulgación do Decreto 32/2001, de 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia e se regulan as condicións de inscrición.
- A Orde de 28 de marzo de 2001 pola que se aproba a Carta Galega de Calidade dos centros de Educación Ambiental.
- O Decreto 78/2001, de 22 de marzo, polo que se crea o Observatorio Galego de Educación Ambiental, modificado polo Decreto 218/2002 do 23 de maio. Pouco podemos dicir deste organismo previsto na *Estratexia...* para o seu seguimento e avaliación, só que, despois de tres anos, foi constituído o 29 de outubro de 2002.
- A incorporación da EA como un dos temas prioritarios nas liñas de I+D financiadas pola Consellería de Medio Ambiente.
- O incremento cuantitativo das accións de divulgación ambiental realizadas pola Consellería de Medio Ambiente (publicacións, cursos, campañas publicitarias, charlas).

Sen embargo podemos afirmar, con rotundidade, que pasados tres anos, **o grao de difusión, penetración e cumprimento da *Estratexia...* nos compromisos asumidos pola propia Administración promotora é totalmente insuficiente.** Indicadores claros desta situación son:

- a pasividade e a incoherencia da Administración autonómica no desenvolvemento da *Estratexia...*;
- a inexistencia de iniciativas concertadas ou transversais para coordinar o labor das distintas consellerías ou organismos autonómicos;
- o escaso peso orzamentario que se lle sigue concedendo á Educación Ambiental –difícil de calibrar con maior precisión dada a pouca transparencia existente- e a falla dunha planificación económica que permita un incremento escalonado dos recursos. Convén recordar que a mesma *Estratexia* recomenda á Administración autonómica que se “incremente o presuposto dos distintos tipos de axudas e subvencións destinadas á realización de actividades e programas de educación ambiental e dirixidas ós distintos axentes promotores da educación ambiental en Galicia”.
- a insuficiencia dos recursos humanos e a infrautilización das infraestruturas especializadas neste ámbito que dependen directa ou indirectamente da Administración autonómica, así como a precariedade económica e laboral das persoas que traballan nelas;
- o mantemento por inercia de moitas das actividades xa desfasadas e de carencias xa evidentes hai tres anos; neste sentido, segue

amosándose unha escasa preocupación por mellora-la calidade das actividades, dos programas e dos servizos prestados (directamente ou en concerto con outros axentes públicos ou privados);

a non habilitación de mecanismos de seguimento e apoio ó desenvolvemento da *Estratexia...*;

a falla de avaliación das propias iniciativas, programas, equipamentos, etc.; non existen informes avaliativos que merezan tal cualificativo dos programas, dos recursos e das actividades que desenvolve a propia Administración. Incluso deseñando ferramentas como a Carta Galega de Calidade dos centros de Educación Ambiental, non se chegou a poñela en práctica;

Os cambios introducidos no organigrama da Consellería de Medio Ambiente ó inicio da actual lexislatura, fai un ano, coa desaparición do CITA e o transvase das súas competencias nesta materia –eufemisticamente identificada como “divulgación ambiental”- ó CDS, non ten producido efectos positivos visibles na orientación da súa política neste ámbito.

Transcorrido un ano e máis aló do tempo de cortesía que é preciso conceder a calquera Administración en proceso de cambio, só cabe dicir que non se ten feito **nada substancial** para potenciar este sector, nin para apoiar, motivar, orientar ou estimular o quefacer dos axentes sociais clave na tarefa educativo-ambiental. Indiferenza e atonía son os adxectivos que mellor definen esta etapa.

A título ilustrativo desta situación e a pesar de estar formalmente creado dende o ano 2001 o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental e de publicarse o mesmo ano a Orde pola que se aproba a Carta Galega de Calidade dos centros de Educación Ambiental, segue sen existir unha política unívoca e coordinada da Consellería de Medio Ambiente sobre os equipamentos educativos dependentes das distintas Direccións Xerais que a compoñen. Se a mesma Administración que establece as pautas para lograr unha oferta de calidade dende os equipamentos non as aplica con rigor nos que de ela dependen, ¿que lexitimidade ten para impoñelas a outros axentes públicos ou privados que xestionan recursos similares?

Na mesma liña, a política de subvencións e convenios sigue amosando discrecionalidade e falla de criterios (polo menos criterios non espurios). Por exemplo, no ano 2002 a Consellería de Medio Ambiente firma convenios e/ou financia actividades de Unión FENOSA, da Fundación Fernández-Latorre, da Asociación Española de Derecho



Ambiental, do Colegio Oficial de Físicos para a realización do VI Congreso Nacional del Medio Ambiente, etc., pero non se fixo, como en anos anteriores, a convocatoria pública de subvencións para financiar actividades e programas de Educación Ambiental de iniciativa social. Do mesmo xeito, existen fondos para financiar o Congreso Nacional del Medio Ambiente en Madrid (anos 2001 e 2002) pero non para organizar as V Xornadas Galegas de Educación Ambiental, cando levan sen celebrarse dende 1999 e a propia *Estratexia...*, no apartado dedicado á Administración autonómica, recomenda que se doten de periodicidade anual ou bianual dado que “é necesario que se consoliden como o principal foro de intercambio de experiencias entre os diversos axentes da educación ambiental en Galicia”.

Noutros ámbitos da mesma Administración tampouco se observaron cambios significativos que se podan atribuír á aplicación da EGEA. Nin sequer se habilitaron os mecanismos previstos no documento para que as distintas consellerías e organismos que teñen competencias ou programas ligados a este ámbito establezan mecanismos de coordinación horizontal, compartan información e recursos, e definan programas ou liñas de acción común ou complementaria.

A incidencia da *Estratexia...* noutros niveis da Administración pública ten sido tamén moi limitada. Salvo excepcións, as entidades locais manteñen a atonía e a cortedade de miras que veu caracterizando ata agora a súa labor no campo da educación e a xestión ambiental. Existen municipios como Allariz, Oleiros ou Santiago, que se veñen caracterizando por unha sensibilidade pro-ambiental superior á media e que están a dar os primeiros pasos nesa liña, incluso coa previsión de contemplar a Educación Ambiental como un vector relevante na xestión local.

É difícil valorar o nivel de impregnación da *Estratexia...* noutros ámbitos e sectores da sociedade. En liñas xerais, a nosa experiencia como colectivo que aglutina a diversos axentes directamente implicados no quefacer educativo-ambiental en Galicia, permítenos afirmar que apenas é coñecida ou recoñecida polos responsables das políticas públicas ou polos xestores privados e, aínda menos, pola cidadanía en xeral. Nin directamente, como puidera ser a través dun programa de divulgación pública -que nunca existiu-, nin indirectamente por ser destinatarios dunha nova xeración de propostas educativas inspiradas nela. Plataformas de difusión de información e de conformación das representacións sociais do ambiente tan poderosas como os medios de comunicación, ou tan necesarias para a vitalidade social como os colectivos ou asociacións cidadáns (veciñais, de consumidores, culturais, recreativas, xuvenís, de mulleres, etc.), no teñen sido obxecto de

campañas sistemáticas para informar sobre os principios, obxectivos e recomendacións contempladas na EGEA, ou para apoiar iniciativas que estiveran dentro das recomendacións marcadas polo documento.

Noutro tipo de axentes sociais (ecoloxistas e naturalistas, profesionais e empresas, sindicatos, etc.) aludidos pola *Estratexia...*, a súa aceptación ten sido desigual. En todo caso, e como xa defendeu a SGEA noutros foros, estamos convencidos de que o movemento ambientalista debe apropiarse da EGEA, converténdose nun actor principal da mesma e velando polo que con ela faga ou deixe de facer quen ten a responsabilidade principal de administrar os recursos públicos. A advertencia e a posibilidade dun “efecto búmerang” pode ser un estímulo efectivo para comprometer ás administracións no fomento dunha Educación Ambiental menos cosmética e máis orientada á promoción dos cambios sociais e económicos necesarios para facer viable a cultura da sostiabilidade.

En sectores específicos como os equipamentos especializados en EA ou entre as empresas que ofertan programas e servizos relacionados con este campo (educación, interpretación, formación, comunicación, etc.), existe certa sensibilidade e inquietude polos cambios na regulación e no enfoque das súas actividades que poidan derivarse da aplicación da EGEA, aínda que os “cambios” teñan sido ate agora pouco máis que formais. Outro elemento de incerteza para este sector é o uso que as Administracións públicas poidan facer dalgunhas das recomendacións recollidas na *Estratexia...* para fixar estándares de calidade e normativas que obriguen a novos e máis arriscados enfoques educativos e empresariais; outro é o temor a que sexa instrumentada para coartala pluralidade de enfoques metodolóxicos, pedagóxicos e ideolóxicos existentes.

Como xa adiantamos, o desenvolvemento da EGEA debería supoñer a medio prazo un incremento importante das inversións públicas e privadas destinadas a súa concreción. Cabería tamén esperar, como consecuencia, unha oferta crecente de postos de traballo especializados para dar unha cobertura cualificada ás novas necesidades, así como unha mellora das precarias condicións laborais e profesionais das persoas que veñen traballando, moitos e moitas dende hai décadas, como educadores e educadoras ambientais. Nesta liña prospectiva, outro sector que ven mostrando unha especial sensibilidade diante da EGEA é o que aglutina a estes profesionais. O interese deste colectivo diante dos escenarios que abre a EGEA púxose de manifesto na constitución da Sociedade Galega de Educación Ambiental. Como organización temos unha dobre finalidade: dignificar laboral e profesionalmente a figura do Educador Ambiental e impulsar neste ámbito prácticas educativas de

calidade que sexan coherentes e permitan avanzar cara o horizonte de sostibilidade ambiental e social. Entre as nosas liñas de acción figura, nun lugar destacado, o seguimento crítico da EGEA e a contribución construtiva a súa efectiva posta en marcha. Este documento é unha boa mostra deso.

8. O punto de partida e de chegada: o malestar da Educación Ambiental en Galicia

A falta dun estudio en profundidade sobre o estado actual da Educación Ambiental e transcorridos tres anos desde a súa publicación, a información dispoñible permite identificar una serie de rasgos xerais que, en forma de grandes trazos, debuxan un horizonte bastante deficitario que, no esencial, **non mudou significativamente neste tempo**. En síntese, son os seguintes:

Pervive dunha concepción “naturalista” do medio ambiente, da problemática ambiental e dos contidos, valores e finalidades da Educación Ambiental.

Predominan as actividades puntuais, descontextualizadas e con escasa proxección a medio e longo prazo. O mellor exemplo atopámo-lo nas iniciativas emprendidas pola mesma Administración autonómica.

Baixa densidade de equipamentos, servizos e recursos específicos de Educación Ambiental e infrautilización dos existentes.

Fráxil profesionalización e escasa especialización dos educadores ambientais, o que se explica pola existencia de importantes lagoas na súa formación inicial e permanente e polas situacións de precariedade laboral nas que polo xeral vense obrigados a traballar.

Ausencia de redes e foros que faciliten o coñecemento mutuo, a coordinación e o intercambio entre colectivos e experiencias educativo-ambientais.

A Educación Ambiental ten unha maior proxección no sistema educativo, especialmente no ensino primario e secundario. Tal situación viuse favorecida pola inclusión da Educación Ambiental como área transversal na LOXSE (1990) e pola autonomía que concedeu esta Lei a escolas e docentes para concibir proxectos educativos que contemplasen o ambiente como eixo principal. Non obstante, non existe un labor institucional de coordinación e apoio a estas experiencias por parte da Consellería de Educación. Un bo exemplo desta desidia é a inexistencia de redes como as que noutras zonas comunican ás chamadas “ecoescolas”. A Lei de Calidade da Educación proposta polo PP, en proceso de aprobación parlamentaria, pode supoñer un retroceso importante na

incorporación da Educación Ambiental no currículo escolar ó potenciar un modelo eminentemente disciplinar, centrado no ensino de contidos e pouco sensible ás áreas transversais.

Baixa ou nula integración da Educación Ambiental nas políticas preventivas e nos instrumentos de xestión ambiental das Administracións públicas e das empresas privadas. O caso actual do *Prestige* é un lamentable exemplo desta situación.

Orientación paidocéntrica: a maior parte das actividades e programas de Educación Ambiental seguen tendo como destinatarios ó público infantil e se desenvolven en contextos escolares ou para-escolares.

Existe un déficit notable na investigación dispoñible e unha escasa penetración da cultura da avaliación; isto é atribuíble a déficits formativos dos encargados de planificar e executar accións e programas de Educación Ambiental, á carencia de recursos –sobre todo humanos–, e ó pouco interese das Administracións, as empresas e moitos colectivos ambientalistas por valorar as iniciativas que desenvolven para melloralas a súa calidade.

Escasa mobilización de recursos orzamentarios, cunha tendencia evidente de financiar prioritariamente as actividades e campañas que conlevan unha maior carga publicitaria da imaxe institucional.

Finalmente, destaca a débil implantación dunha cultura da sostibilidade e da ecodependencia, así como das visións complexas e multidimensionais da crise ambiental que a ligan á problemática socioeconómica e do desenvolvemento humano equitativo; este déficit é máis significativo na sociedade galega pola súa dependencia do chamado capital natural, cunha base económica na que conservan gran peso as actividades extractivas (pesca, agricultura, gandería, explotación forestal e, en certo modo, turismo).

Gusten ou non, estas pinceladas compoñen un cadro tenebroso que reflicte con veracidade o escenario da EGEA, o que había hai tres anos e o que existe aínda agora. Cada unha delas podería dar lugar a sendas liñas de investigación e estudo para poder coñecer máis matizadamente a realidade; algo que tamén está previsto nas recomendacións da *Estratexia*... pero que queda por facer.

9. ¿Que se pode e se debe facer para revitaliza-la EGEA?

Tres anos, ¿son moito ou pouco tempo? Tres anos practicamente perdidos son demasiado tempo. Dende un punto de vista realista, a temporalización da *Estratexia*... a un prazo de seis anos pecou de excesivo optimismo, máxime cando o punto de partida era cero ou

practicamente cero. Pensar que nese período era factible acadar nunha proporción significativa dos obxectivos marcados e aplicar as recomendacións sectoriais propostas no documento foi pouco prudente. Pero deixar transcourir tres anos sen facer un esforzo serio por impulsar e dinamizar a aplicación da EGEA, papel que asumiu inicialmente a propia Administración promotora, indica unha notable irresponsabilidade. Salvo, claro está, que dende un principio non se tratase máis que dunha “simulación”, dunha campaña de imaxe coa finalidade de deseñar unha “realidade virtual” coa esperanza de que a opinión pública e, incluso, os propios axentes da Educación Ambiental, pensasen que se estaba a emprender, por fin, un rumbo cun mínimo de sentido e coherencia. É por elo que falamos da EGEA en termos de realidades e de ficcións, tratando de desentrañar o que hai das primeiras e o que de pura invención e representación.

Que queden tres anos de vixencia oficial da *Estratexia...* é o de menos. O que entendemos relevante é, simplemente, votala a andar. Para elo parécenos importante que se poñan en práctica unha serie de accións e recomendacións xa formuladas no documento e que seleccionamos e priorizamos en función de tres criterios: que non perderan a súa vixencia, que afecten a ámbitos e cuestións importantes e que permitan sentar as bases para abordar obxectivos máis ambiciosos.

Como resultado destas reflexións a SEGA propón unha reformulación radical do marco de aplicación da *Estratexia...* para o seu lanzamento efectivo diante do conxunto dos axentes educativos implicados e da sociedade galega baseado nas **9 consideracións de carácter xeral** que se detallan no **anexo I**. Ademais destas medidas, que cualificamos de básicas, entendemos que é preciso retomar **23 das recomendacións** xa esbozadas na *Estratexia...* para a súa aplicación máis inmediata e que se relacionan no **anexo II**.

Referencias Bibliográficas

CASARES, J. (2001). “Acciones para el desarrollo de la Educación Ambiental en Galicia”. *Actas de la Reunión Internacional de Expertos en Educación Ambiental. Nuevas propuestas para la acción*. Xunta de Galicia-UNESCO, Santiago de Compostela, pp. 43-64.

DE CASTRO, R. (2000). *Voluntariado ambiental. Claves para la acción proambiental comunitaria*. Di7 Edició, Barcelona.

Estratexia Galega de Educación Ambiental (2000). Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Santiago de Compostela (la versión electrónica en formato PDF puede ser bajada de la web de la Consellería

de Medio Ambiente: <http://www.xunta.es/conselle/cma>).

GUTIÉRREZ, J. y BENAYAS, J. (2000). "Las estrategias de Educación Ambiental como instrumentos para el cambio socio-ambiental". *Ciclos*, nº 7, junio, ps. 4-7.

LEAL, W. (1996). "An overview of current trends in European Environmental Education". *The Journal of Environmental Education*, Vol. 28m nº 1, ps. 5-10.

Libro Blanco de la Educación Ambiental (1999). Ministerio de Medio Ambiente. Secretaria General de Medio Ambiente, Madrid, 1999.

MEIRA, P.A. (2000). "La Estratexia Galega de Educación Ambiental". *Ciclos*, nº7, junio, ps. 41-43.

PEREIRA, J.M. y GUTIÉRREZ, X. (1999). "Estratexia galega de Educación Ambiental". *VII Conferència Nacional d'Educació Ambiental*. Reus (Catalunya), 23 al 30 de noviembre. Generalitat de Catalunya, Departament de Medi Ambient (en formato electrónico se encuentra en www.gencat.es).

PIMBERT, M. e PRETTY, J.N. (1995). *Parks, people and professionals. Putting "participation" into protected area management*. United Nations Research Institute for Social Development, Geneva.

RUIZ, D.; BENAYAS, J. y GUTIÉRREZ, J. (2000). "Documentos de estrategias de Educación Ambiental: distintos estilos para un mismo fin". *Ciclos*, nº 7, junio, ps. 8-12.

UNDP (1999). *Empowering people: a guide to participation*. UNDP-Sustainable Livelihoods Unit (<http://www.undp.org/sl/Documents/Manuals>).

ANEXO I

Presupostos e recomendacións de carácter xeral

É preciso pensar que **a EGEA non é o final dun camiño**, nin unha fórmula máxica e inmutable, senón **o inicio dun proxecto ambicioso** de transformación das prácticas educativas ligadas ó ambiente e á problemática ambiental. Con elo queremos dicir que non procede regodearse no feito de que exista un documento redactado. É preciso que nos preocupemos e impliquemos (e baixo este plural agrupamos a tódolos que temos algo que dicir e facer na EA en Galicia) en aplicar o que na EGEA se esboza como desexable e en elaborar alternativas que complementen e melloren as recomendacións xa formuladas.

O déficit de **participación** no proceso de elaboración da EGEA debe ser en gran medida corrixido e paliado por unha aplicación que tome como referencia a implicación aberta e plural dos axentes aludidos por ela. Neste sentido, a Administración Autonómica, e máis en concreto, a Consellería de Medio Ambiente, na medida en que asumiu como seu o documento, debe asumir tamén unha responsabilidade directa na súa translación á práctica. Tal e como se recolle no texto da *Estratexia...* "a Consellería de Medio Ambiente debe promover e fomentar a aplicación das recomendacións contidas no presente documento así como establecer os mecanismos necesarios para tal fin".

É prioritario desenvolver un **programa de difusión** efectivo da EGEA. A súa divulgación debe ser en si mesma unha "labor pedagóxica" para implicar ós axentes educativos e sociais directamente interpelados e ó conxunto da sociedade. A mesma estratexia de difusión debe ser considerada como un recurso educativo para a socialización na cultura da sostibilidade. Este proceso non debe de ser unicamente informativo, terá que promover tamén a implicación e o compromiso activo dos axentes educativos e sociais no logro dos obxectivos establecidos.

Es preciso que as Administracións públicas, na medida en que asuman e interioricen a *Estratexia...* actúen **coherentemente** con ela, comezando pola Consellería de Medio Ambiente, a Consellería de Educación e o distintos organismos implicados da Xunta de Galicia. Se a Administración autonómica, como promotora institucional da *Estratexia...*, non é quen de coordinar horizontal e verticalmente a actuación dos seus propios recursos, dificilmente se poderá dar exemplo a outros axentes sobre cómo actuar en función das novas demandas. Convén recordar que a mesma *Estratexia...* recomenda o establecemento de "mecanismos para a optimización dos recursos existentes. A tal efecto, e para aplicar este principio no seo da Administración Autonómica, recoméndase a creación dunha comisión interdepartamental que coordine as actuacións das distintas Consellerías da Xunta de Galicia implicadas na *educación ambiental*". Tal comisión aínda non foi creada.

A *Estratexia...* **non é un documento legal nin normativo** e, polo tanto, a súa efectividade dependerá do **compromiso moral, político e social** que asuman os axentes interpelados. Para potenciar este compromiso é necesario propicialos valores anteditos (pluralismo, coherencia, responsabilidade, participación). Pero tamén será preciso **incrementar significativamente os recursos económicos e humanos dedicados á**

Educación Ambiental e administrar de xeito moito máis eficaz os que até agora se viñan utilizando (avaliando, por exemplo, os procesos e os resultados).

No que respecta á Administración autonómica, debe deseñarse de xeito urxente un **plano plurianual de financiación** tomando como referencia o período de 3 anos que quedan de vixencia oficial da EGEA, un plano que permita un **incremento sostido, planificado e transparente dos recursos económicos e de todo tipo, principalmente públicos, necesarios para a súa concreción**. Sen a existencia desta cobertura económica, a estratexia está condenada a ser unha pura entelequia.

A *Estratexia...* non debe ser entendida como un dogma de fe. Ó contrario, debe ser considerada un documento aberto, en permanente revisión e cuestionamento. Para elo é preciso potenciar a **cultura da avaliación** e da **calidade** en tódolos ámbitos, facendo unha revisión permanente das accións emprendidas y dos seus fundamentos, co obxectivo de mellorar e adaptar as respostas educativas a unha realidade socio-ambiental complexa e dinámica. Na mesma liña, tamén é preciso fomentar unha **cultura da formación e a innovación permanente** que evite a inercia, a rutina e o mero activismo. A recente constitución do Observatorio Galego da Educación Ambiental, contemplado nos mecanismos de aplicación da EGEA, pode ser o vehículo institucional útil neste proceso. Non obstante, convén recordar que o Observatorio, tal e como se describe no documento, ha de cumprir unha dobre misión: deseñar e aplicar un programa de seguimento e avaliación "técnica" e facilitar a participación nesta tarefa dos distintos colectivos implicados.

O papel principal que lle corresponde ó sector público na concreción da EGEA non debe ser utilizado por outros axentes educativos e sociais (empresas, asociacións, ONGs, sindicatos, etc.) como coartada para inhibirse ou delegar as súas responsabilidades na Educación Ambiental. Cabe demandar, por elo, a súa mobilización en dúas direccións: **a procura de calidade no deseño e implementación das accións educativo-ambientais que emprendan e a "apropiación" da Estratexia... como instrumento para avanzar nesa dirección**.

Finalmente, una cuestión importante: a EGEA ten como finalidade principal construír unha cultura da sostibilidade; pero é una estratexia sectorial que **debería ter como referencia unha estratexia marco para o desenvolvemento sostible, que non existe en Galicia**. É positivo que exista unha Estratexia de Educación Ambiental e máis positivo aínda sería que se aplicase, pero noutros ámbitos da xestión pública e

privada imperan modelos alleos ós novos requirimentos ambientais e sociais. Neste panorama, a contradicción será patente e dificilmente explicable para sectores cada vez máis amplos da sociedade galega –as reaccións diante do Prestige son unha boa chamada de atención-.

ANEXO II

Recomendacións da EGEA de aplicación prioritaria

Apoiar, dende as Administracións Públicas, a existencia de asociacións profesionais de educadores e educadoras ambientais que representen os intereses dos seus compoñentes, organicen programas de formación e reciclaxe e promovan a calidade das accións e programas educativos que se desenvolven neste ámbito.

Crear a partir de iniciativas concertadas entre as Administracións e outros axentes sociais (universidades, asociacións, empresas, sindicatos, etc.) unha infraestrutura básica de centros de formación, información e documentación ambiental, que concentren recursos, promovan a formación e faciliten o apoio que necesitan os educadores ambientais. Estes centros deberán prestalos seus servicios para os dous ámbitos (formal e non formal) da Educación Ambiental.

Promover *accións formativas especializadas* para os profesionais directamente vinculados á Educación Ambiental, á xestión ambiental ou ó medio ambiente. Esta especialización debe asentarse nos principios da globalidade (interdependencia dos diferentes elementos económicos, políticos e sociais e interrelación cos elementos físico-naturais) e transversalidade (presencia non compartimentalizada dos diferentes saberes en tódalas aprendizaxes), e no coñecemento específico das problemáticas existentes no contorno local e as solucións sostibles que se poidan arbitrar.

Apoiar e fomentar dende as Administracións Públicas as iniciativas de Educación Ambiental promovidas por asociacións de consumidores e de carácter social, por asociacións ecoloxistas e de protección do medio ambiente, por sindicatos, asociacións profesionais, escolas de tempo libre, asociación xuvenil, culturais, etc.

Promover actuacións que atendan ós principios de xestión medioambiental sostible. Tales principios deberían impregnar tódolos

servicios que presten as Administracións Públicas e os procesos de xestión que se propoñan en tódolos ámbitos de responsabilidade municipal, comarcal, provincial ou autonómica.

Promover unha *cultura da avaliación* para o seguimento, control e valoración crítica do que facer educativo-ambiental, sensibilizando ó conxunto da poboación, ó persoal técnico e profesional das propias Administracións Públicas, ós responsables políticos e ós medios de comunicación social sobre a necesidade de avaliar para aprender e mellora-los procesos educativos e as políticas de xestión ambiental aplicadas.

Mante-la convocatoria das Xornadas Galegas de Educación Ambiental e dotalas de periodicidade anual ou bianual, tal e como figura no texto da EGEA entre as recomendacións que ha de asumir a Administración Autonómica. É necesario que se consoliden como o principal foro de intercambio de experiencias entre os diversos axentes da Educación Ambiental en Galicia.

Convocar anualmente dende as Administracións Públicas distintos tipos de axudas e subvencións destinadas á realización de actividades e programas de Educación Ambiental e dirixidas ós distintos axentes promotores da Educación Ambiental en Galicia.

Promover, deseñar e levar a cabo a nivel municipal *Plans ou Axendas de Acción Local* para a sostibilidade enmarcados nas liñas directrices da *Axenda 21* que teñan entre as súas especificacións unha subestratexia de Educación Ambiental. Contempla-la Educación Ambiental como un elemento estratéxico dentro destes Plans.

Os equipamentos ambientais son instrumentos de enorme importancia na promoción e desenvolvemento da Educación Ambiental. Un país como Galicia precisa dunha infraestrutura suficiente de tales equipamentos. Para dar solución ás carencias e necesidades dos equipamentos ambientais recoméndase a creación dunha Rede Galega de Equipamentos de Educación Ambiental que teña as seguintes características:

- Consideración dos Equipamentos como integrantes dunha rede, establecendo os sistemas de coordinación necesarios para a realización de iniciativas conxuntas e o intercambio eficaz de información entre eles.
- Integración da rede dos Equipamentos de titularidade pública dependentes da Xunta de Galicia e ofrecemento de integración ós Equipamentos públicos de titularidade municipal e ós Equipamentos

privados.

- Ampliación da tipoloxía. Cómpre a creación de Equipamentos situados en diferentes contornos (urbanos, agropecuarios, industriais, equipamentos móbiles, etc.) centrados nas problemáticas ambientais específicas que presentan.
- Procurar unha distribución territorial equilibrada, creando novos equipamentos naquelas comarcas que carezan deles e nas que poida haber unha maior demanda.

Promove-la divulgación dos Equipamentos ambientais e dos programas e actividades que ofertan.

Contempla-la existencia dun programa de Educación Ambiental estable, específico para cada Espacio Natural Protexido, que teña en conta a diversidade dos potenciais usuarios e visitantes e á poboación local, que teña en conta os obxectivos da Educación Ambiental e que incorpore sistemas de avaliación inicial e permanente. A Educación Ambiental debe formar parte, coa mesma relevancia que os demais instrumentos, da xestión ordinaria dos Espacios Naturais Protexidos.

Procurar a dotación de educadores e a creación de equipos permanentes para o deseño e aplicación de programas educativos nos Espacios Naturais Protexidos, dando prioridade a aqueles espazos cunha maior atracción de visitantes; así como dotalos dos recursos económicos e materiais necesarios para o seu desenvolvemento efectivo.

Promover unha maior presenza da Educación Ambiental dentro das empresas a través de programas de formación dirixidos a traballadores e traballadoras, así como a técnicos e directivos, e da realización de campañas de sensibilización dentro da propia empresa. Débese poñer especial énfase no sector da pequena e mediana empresa e no colectivo de traballadores autónomos. As empresas deben integrar estas iniciativas nos seus programas plurianuais de formación.

Promove-lo desenvolvemento de programas de Educación Ambiental e campañas de sensibilización dirixidos dende os Sindicatos a tódolos traballadores e traballadoras. Contribuír a que a Educación Ambiental teña un peso específico no deseño de programas de formación e capacitación laboral.

Os medios de comunicación deberían contar con equipos ou persoas especializadas en temática medioambiental, contrastar debidamente

as informacións de carácter ambiental para transmitir ós cidadáns unha imaxe que non deforme nin malinterprete a realidade e reflecti-la pluralidade de opinións e de opcións sobre o ambiente e a problemática ambiental existente da sociedade galega.

É preciso promover e apoiar dende a Consellería de Educación e outros organismos competentes a realización de campañas e programas de ambientalización dos Centros Educativos e dotalos de equipos e instalacións para o traballo e a indagación medioambiental.

É preciso promover-la creación dunha rede galega de centros de ensino con proxectos en *educación ambiental*, ben sexan actividades puntuais de curto alcance ou outras máis estables e ambiciosas ata chegar ó modelo de ecoescolas que contén con programas globais de traballo nesta liña. Así como prestar apoio financeiro e técnico a estes centros.

Apoia-las iniciativas tendentes á integración dos centros educativos galegos en redes nacionais e internacionais de centros con proxectos de *educación ambiental*.

O sistema Educativo debería promover-la introducción da *educación ambiental* na formación continuada do profesorado en tódalas especialidades como contido transversal. Para tal efecto sería recomendable establecer un *Plan Específico de formación ambiental* para o profesorado.

Promover programas de ambientalización das institucións universitarias, para incorporar á cultura organizativa dos distintos colectivos que integran a comunidade universitaria, modelos de xestión que potencien a corresponsabilidade ecolóxica e o manexo sostible do contorno universitario e do ambiente en xeral.

Promove-la inclusión da *educación ambiental*, como materia obrigatoria e/ou optativa, en tódolos Planos de Estudos de titulacións relacionadas coa educación e o coñecemento e xestión do medio ambiente.

Realizar un inventario exhaustivo e crear unha base documental e de datos estable e permanentemente actualizada das publicacións e dos materiais e recursos editados en soportes convencionais e non convencionais producidos e dispoñibles en Galicia relacionados coa *educación ambiental*.

Favorece-lo acceso e a utilización de Internet e ós seus recursos (correo


electrónico, www, chats especializados grupos de discusión, etc.), creando unha loxística básica para que calquera centro educativo ou asociación ambientalista con interese na *educación ambiental* poida deseñar os seus propios recursos formativos e informativos e compartilos en rede con outros, con especial atención ás escolas ou colectivos con menos recursos.

Os Equipamentos para a Educación Ambiental. O estado da cuestión en Galiza .

ARACELI SERANTES PAZOS. *Universidade da Coruña*

Co nome xenérico de **equipamentos para a educación ambiental** (EqEA en adiante) agrupamos iniciativas ben diferentes, tanto pola oferta de actividades, como pola súa localización, contidos, etc.; estamos a referirnos ás *Graxas Escola, Aulas de Natureza, Centros de Interpretación, Centros de Visitantes, Ecomuseos, Parques Etnográficos...* A miúdo pénsase que se trata dun moderno movemento socio-educativo, con pouca tradición e escasas experiencias no noso país, máis unha ollada á nosa historia, concretamente aos movementos naturalistas e educativos máis inovadores, fannos pensar que son herdeiros dun pasado notable, e que constitúen unha resposta contemporánea aos problemas e á lóxica do noso tempo.

Existen numerosos recursos para a divulgación do patrimonio, tanto natural como cultural, máis non todos podemos consideralos EqEA. Os EqEA son iniciativas ligadas á educación ambiental (EA), que cunhas instalacións fixas, posibilitan a un equipo educativo estable utilizar os recursos do contorno para favorecer a comprensión das interdependencias das persoas co medio natural e cultural; ademáis permiten a participación na mellora dos problemas ambientais. Así, os elementos básicos que definen estas múltiples e **heteroxéneas** propostas son: un **proxecto educativo** desenvolvido nunhas **infraestructuras** estables por un **persoal cualificado**, que utiliza os **recursos** do medio, en tempo de ocio ou en actividades educativas complementarias contempladas no curriculum escolar, proxecto que será revisado e **avaliado** para garantir a súa eficacia (Cadro nº 1).



Cadro nº 1: *Elementos que definen os Equipamentos de Educación Ambiental*

Non todas as instalacións con contidos ambientais poden considerarse EqEA, ben pola súa incoherencia cos fins da EA, ben porque carecen dun

equipo educativo ou porque a súa oferta de actividades de EA non é continuada (simples exposicións, actividades esporádicas...).

Pódese falar de EqEA a partir dos anos 70, cando a EA empeza a consolidarse como movemento educativo crítico e problematizador da relación entre as persoas co medio, e como resultado da percepción xeralizada dunha crise ambiental sen precedentes, que non é máis que a crise dos valores da civilización occidental, froito da imposición dos criterios neoliberais.

Na Galiza, como no resto do Estado español, tense pouco investigado e reflectido no campo dos EqEA, máis unha mirada polo miúdo permítenos comprobar que se trata dun ámbito rico, vital e cunha importante potencialidade á hora de definir estratexias e modelos cara á sustentabilidade; na actualidade atópase nunha situación precaria, fundamentalmente por falla de apoio institucional: un reto a curto prazo sería a súa consolidación.

Propostas para unha xenealoxía

As primeiras pegadas que atopamos na Galiza, consideradas como referentes, son similares as que se desenvolven no resto dos países occidentais, moi ligadas a movementos sociais inovadores. En canto aos seus fins, pódense agrupar en catro categorías, que nalgúns casos son coincidentes:

hixienistas: co obxectivo de fornecer a débil saúde dos nenos e nenas que viven nas cidades, propoñen realizar exercizo físico en contacto coa natureza. A fórmula máis xeralizada serán as *colonias escolares* e as *escolas ao ár libre* (para algúns autores, precedente das aulas da natureza). A primeira colonia escolar na Galiza foi promovida pola *Sociedade Económica de Amigos do País* de Santiago dende o 31 de xullo ata o 27 de agosto de 1893 (Antón COSTA, 2001).

científicos: fortemente ligados á investigación da natureza, persiguen a través de saídas rexistrar os valores naturais e culturais do contorno. A proposta máis frecuente foron os *paseos escolares* e o *excursionismo*, introducidos no Estado pola Institución Libre de Ensinanza (Angel PORTO, 1986). A primeira referencia na Galiza é de 1886: o inspector de ensino primario Vicente PÉREZ SIERRA propón as tardes do xoves para facer excursións escolares onde os nenos podían relacionar a teoría de ciencias naturais coas prácticas agrícolas (Narciso DE GABRIEL, 1989).

educativos: baixo a influencia da educación natural de Jean J. ROUSSEAU, e cunha visión romántica, aburguesada e ruralista, pretenden recuperar o valor de educar en contacto coa natureza. As escolas ao *ár libre*, os *xardíns froëbel de infancia*, as *granxas escolares*, a *Festa da árbore*, as *granxas-escola*, as *granxas de experimentación*, os *campos de demostración agrícola*, os *cotos escolares* e as *Sociedades Escolares Forestais* son algúns dos referentes; nos casos, terán unha ampla implantación no noso territorio. Unha das primeiras iniciativas na Galiza a constitúe a *Sociedade Económica de Amigos do País*, que dende a súa fundación en 1784 promoverá a creación de *Escolas Rexionais de Agricultura*, *Granxas-modelo* e *Granxas-escola* (Jurjo TORRES, 1978), máis a experiencia máis senlleira podería ser a *Granxa de Barreiros* (Sarria), creada no ano 1948 para a formación do profesorado, funcionando na actualidade como *Granxa-escola* (Avelino POUSA ANTELO, 1988).


patrióticos: identifica os valores do patrimonio coa identidade nacional, normalmente a través de *paseos*, *excursións* e *acampamentos*. Na Galiza houbo bastantes experiencias deste tipo: a *Sociedade Galega Excursionista* (1907), o *Seminario de Estudos Galegos* (1923), o *Grupo arredista Ultreya* (1932), as *Mocedades Galeguistas* (1934)... (Xosé A. FRAGA, 1990).

Caracterización dos EqEA

Ainda que a EA é un ámbito de pensamento e acción relativamente novo, ten experimentados cambios relevantes na súa concepción: da comprensión da problemática ambiental (educar sobre o medio), ao medio como recurso ou estratexia metodolóxica da aprendizaxe (educar no medio), para finalmente favorecer actitudes e valores que incidan na conservazón do medio (educar para o medio).

Dun xeito similar foron evoluindo os EqEA. Os cambios están moi relacionados cos promotores e coa filosofía dos centros. Segundo os **promotores**, inicialmente foron iniciativas *privadas*, xurdindo novas iniciativas de xestión *pública* ou *mixta* (propiedade pública e xestión privada), para voltar na actualidade a unha xestión *privada* ou de carácter *municipal*. Respecto á **filosofía** observamos como se pasou da "*utopía*" (iniciativas que xurden no proceso de democratización, coa convicción de que a educación era un instrumento de cambio e coa necesidade de apoiar a renovación do sistema educativo caduco), a centros que aparecen por "obligación" (a declaración de espazos protexidos obriga a planificar o uso público, e a Administración

competente ven neles unha *oportunidade* de cumprir a Lei cun baixo custe e unha alta aceptación por parte da cidadanía), para na actualidade respostar a inquedanzas *laborais* e de *autoemprego* baseadas no desenvolvemento local ou no turismo e o lecer (favorecidas polas subvencións e fondos Europeos destinados á dinamización do rural) (Cuadro nº 2)



Cadro nº 2: Evolución dos EqEA en canto a contidos, promotores e fins

Atendendo aos **fins** e á **oferta de actividades** promovidos dende os EqEA galegos, pódense diferenciar cinco tipoloxías (Cadro nº 3):

os **especificamente educativos**, que basean a súa oferta nos procesos de adquisición de coñecementos, na práctica de métodos de experimentación e observación sistemática, en abordar procesos dende a complexidade, no fomento de actitudes, no desenvolvemento de habilidades, no compromiso e a acción, etc. A meirande parte das *Granxas-Escola*, *Aulas da Natureza* e *Aulas activas* foron concebidas e desenvolven a súa actividade dende esta perspectiva: *Granxa de Barreiros*, *Granxa Escola Yuca*, *Aula da Natureza da Cabalar*, *Aula da Natureza San Xulián (Cotorredondo)*, *Aula do mar...*


Os EqEA **ligados á xestión do patrimonio**, fundamentalmente do patrimonio natural. Aínda que orgánicamente forman parte dos organismos de xestión, na totalidade dos casos –e lamentablemente– son alleos ou marxinais respecto aos Programas de Uso Público. Céntranse no coñecemento dos valores do territorio e promoven un uso compatible coa conservación. As actividades son preferentemente de información, divulgación e interpretación. Moitos dos *Centros de visitantes*, *Centros de interpretación*, *Museos*, *Parques etnográficos*, etc. responden a este tipo: *Centro de Visitantes San Estebo (Illas Cíes)*, *Centro de Visitantes da Serra do Xurés-Baixa Limia*, *Centro Arqueolóxico Barbanza-Castro Neixón*, *Centro de Interpretación da Biosfera Insuas do Miño*, *CIELGA*, etc..

os comprometidos co **desenvolvemento social e humano** que pretenden a dinamización dos recursos locais, a través da participación da poboación; céntranse na recuperación de tradicións, costumes, usos,

oficios e valores tradicionais. Algunha Vila-escola e os Centros de Educación Ambiental poden encadrarse neste epígrafe: *Centro de Desenvolvemento Rural O Viso, Albergue Rural A Escola, Granxa Escola A Casa do Queixo, Centro de Educación Ambiental Equal, Centro Etnográfico Terra de Montes...*

a oferta está máis centrada no **lecer**, con propostas de **turismo** de baixo impacto, ecoturismo, turismo verde ou alternativo. As actividades xiran arredor do coñecemento e o disfrute dunha forma activa, aínda que os aspectos educativos son secundarios respecto aos recreativos. As *Casas na Natureza*, experiencias de *Turismo rural* e os *Albergues na natureza* son algunhas destas ofertas: *Albergue Os Biocos, Marcelle Natureza, Selva Lupi, Centro de Interpretación do patrimonio e a paisaxe A Capela...*

e, os chamados **Centros de referencia**, coa función de coordinar e xenerar recursos para outros EqEA e colectivos. O obxectivo fundamental é a formación, a divulgación de experiencias e boas prácticas, a coordinación de programas e iniciativas...; normalmente posúen un servizo de documentazón e publicación especializado. Na Galiza é o CEIDA.



Cuadro nº 3: Categorización de EqEA polos fins e actividades

Diagnóstico dos EqEA galegos

Dende que en 1983 o Concello da Coruña inaugurara a *Casa das Ciencias*, ata xullo do 2004, atopámonos con 99 centros na Galiza, creados para a información, divulgación e educación dos valores do patrimonio, natural e cultural, dos que 33 podemos considerarlos como EqEA. No cadro nº 4 presentamos o listado de iniciativas agrupándoas baixo cinco epígrafes: os EqEA, as instalacións para a divulgación do patrimonio con oferta educativa (a oferta principal non pode considerarse de EA), instalacións para a divulgación do patrimonio sen oferta educativa, instalacións en construción con proxecto educativo e instalacións pechadas ou sen uso.

EQUIPAMENTOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL

1. Acquarium Galicia-Aquavisión
2. Albergue e Aula de Natureza Alentea
3. Albergue Rural A Escola
4. Alvarella Ecoturismo
5. Aula Activa do Mar Santiago Gallego
6. Aula de Ecoloxía Urbana de Ferrol
7. AF Os Milagres
8. Aula Municipal Etnográfica-Aula do Mar
9. AN dos Ancares
10. AN da Cabalar
11. AN Castelo Sobroso
12. AN do río Chelo
13. AN de Crendes
14. AN O Invernadeiro
15. AN Moreda do Caurel
16. AN San Xulián
17. AN do Veral
18. CDR O Viso
19. CEA As Corcerizas
20. CEA Equal
21. CEIDA
22. Clnf e Interpretación Monte Aloia
23. C Interactivo de EMA Naturnova
24. CIELGA
25. CI da Natureza A Siradella
26. CI do patrimonio e a paisaxe A Capela
27. Granxa Ecolóxica de Vilasantar
28. GE Barreiros
29. GE Bellelle
30. GE Casa do Queixo
31. GE Serantellos
32. GE Yuca
33. Parque Eólico Experimental Sotavento

INSTALAZÓNS PARA A DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CON OFERTA EDUCATIVA

1. Albergue Os Biocos
2. Albergue de Quiroga
3. Aquaciencia
4. Aula Forestal Os Trollos
5. AN-Albergue de Montederramo
6. AN Juan Lambeye
7. AN de San Xoán de Río
8. C. Arqueolóxico Barbanza-Castro Neixón
9. CI da Avifauna
10. CV Baixa Limia-Serra do Xurés
11. Eco-Museu de Costa da Égoa
12. GE A Casa da Terra
13. Marcelle Natureza
- 14-16. Museos Científicos Coruñeses
15. Museo do Mel "O enredo do abelleiro"
16. Selva Lupi
17. Vigozoo

INSTALAZÓNS PARA A DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO SEN OFERTA EDUCATIVA

1. Casa do mel
2. Centro Comarcal de Bergantiños
3. Centro Comarcal do Carballiño
4. Centro Comarcal De Deza
5. Centro Comarcal de Ordes
6. Centro Comarcal do Salnés
7. CC. de Tabeiros-Terras de Montes
8. Centro Comarcal de Terra de Celanova
9. Centro Comarcal de Terra de Lemos
10. Centro Comarcal de Terra de Trives
11. Centro Comarcal da Mariña Occidental
12. Centro Comarcal da Paradanta
13. Centro Comarcal da Ulloa
14. Centro Etnográfico Terra de Montes
15. Centro da Identidade Galega
16. CI do Castro de Baroña
17. CI Histórico Cultural Santa Leonor
18. CI do Pico Sagro
19. CI Xacemento Romano de Cambre
20. CV e Interpret. San Estebo (Illas Cies)
21. Granxa Horto Os Regos
22. Museo etnográfico da Limia
23. Museo do Moucho - Ecomuseo
24. Museo dos Muíños de Maré
25. Museo da Natureza
26. Parque Etnográfico do Arenteiro
27. Parque Etnográfico do río Arnoia

INSTALAZÓNS EN CONSTRUCCIÓN CON PROXECTO EDUCATIVO

1. AN de Oira
2. CI da Cultura Castresa San Cibrán de Lás
3. CI do Litoral-Costa de Mera
4. CI Reserva da Biosfera Insuas do Miño
5. GE El Kiriko
6. Parque Arqueolóxico do Megalitismo
7. Parque Micolóxico do río Bellelle

INSTALAZÓNS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL PECHADAS OU SEN USO

1. AF San Xoán de Lagostelle
2. AN do Carballiño
3. AN de Cospeito
4. AN O Pasatempo
5. AN de Ribadeo
6. CEA Outeiro
7. Clnf das Ribeiras do Louro
8. CI Aquis Querquennis
9. CI do Bosque Atlántico
10. CI da Castaña
11. CI As Madornas
12. COE na Natureza Safari Framil
13. Museo da Alfarería

Cadro nº 4: Listado de instalacións e EqEA galegos

Segundo a localización (Cadro nº 5) a provincia que conta con maior número de recursos é A Coruña, tanto polo número de instalazóns como de EqEA; proporcionalmente, é Ourense a provincia con maior número xa que ten menor número de habitantes. Das 7 cidades galegas, todas excepto Santiago teñen algunha, máis só Pontevedra, Lugo, Vigo e Ferrol contan con EqEA; poderíase pensar que existe unha relación directa entre municipios moi poboados e número de iniciativas porque case 1/3 das instalacións e algo máis da metade dos EqEA están en Concellos de menos de 3.000 habitantes.

Provincia	Centros/EqEA	Provincia	Centros/EqEA	Provincia	Centros/EqEA	Provincia	Centros/EqEA
A Coruña	37/12	Ourense	27/6	Pontevedra	17/5	Lugo	17/5

Cadro nº 5: Número de instalacións e EqEA por provincia

A distribución é moi irregular no territorio e non resposta a unha planificación estratéxica do sector: das 53 Comarcas, 39 contan con algunha iniciativa, máis só 20 con EqEA. Aínda que o 30% das instalacións e o 15% dos EqEA están en contornos urbanos, só existe 1 centros adicado á problemática ambiental das cidades: a Aula de Ecoloxía Urbana promovida polo Concello de Ferrol. Pola contra, os contidos naturalistas serán os máis amosados, concretamente dende o 47% dos centros e o 58% dos EqEA.

Atópanse en calqueira contorno, indistintamente dos contidos a tratar e dos tipos de centro: os Centros de interpretación na Galiza están emplazados 9 no medio natural, 17 no rural e 10 no urbano; as Aulas de Natureza 14 no natural, 6 no rural e 6 nas cidades; os 7 Museos só están en vilas e cidades o mesmo que as 8 Granxas Escola; os 7 centros que exhiben animais en cautividade (zoos, acuarios, safaris...) atópanse indistintamente en calqueira dos medios.

Tampouco existe un criterio claro respecto a existencia deste servizo nos Espacios Naturais Protexidos, onde se evidencia claras deficiencias (Cadro nº 6): o Parque Nacional das Illas Atlánticas, formado por 4 arquipélagos só conta cun Centro de Visitantes (coa información desfasada porque se centra exclusivamente no antigo Parque Natural das Illas Cíes); dos 6 Parques Naturais, só 4 contan cun Centro de Visitantes, de Información ou un Aula de Natureza. Se consideramos os 57 Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) incluídos na Rede Natura 2000 galega, comprobamos que 28 centros están localizados en municipios da Rede, aínda que non todos eles fan referencia ao Espazo Natural, como é o caso das Granxas Escola, o Parque Experimental de Sotavento, os Parques e Museos etnográficos, etc.

	Centros	ENP		Centros	ENP
Parque Nacional-Parque Natural	5	7	Zona Ramsar	3	5
Rede Natura 2000	28	57	Zona ZEPA	4	9
Monumento Natural	1	4			

Cadro nº 6: Número de centros respecto aos Espacios Naturais Protexidos

Atendendo aos propietarios das instalacións, 3/4 son iniciativas públicas e 1/4 privadas, máis se consideramos quen son os actuais xestores, as entidades públicas desenvolven os programas en menos da metade dos casos; algo similar ocorre respecto aos EqEA, xa que 1/3 é de titularidade pública máis só 1/4 é xestionado por elas (Cadro nº 7). Na actualidade están pechados ou sen uso 16 centros. O máis rechamante resulta o amplo número de Asociacións propietarias e xestoras de instalacións e EqEA, feito sen precedentes no resto do Estado, e máis cando Galiza distínguese pola escasa tradición asociativa.

	Xunta de Galiza	Concello	Igrexa católica	Empresa	Asociación	Fundación
Propietarios	10/32	10/45	2/3	9/16	0/3	1/1
Xestores	3/20	5/23	1/1	19/26	3/14	1/1

Cadro nº 7: Centros e EqEA segundo as entidades propietarias das instalacións e os xestores

No conxunto obsérvanse outras diferencias significativas: as Deputacións non son propietarias nin promotoras de ningunha iniciativa, así como as Caixas de Aforro, potentes dinamizadoras noutras Comunidades, na Galiza crearan a o primeiro centro no ano 2003, en Vigo (*Centro Interactivo de Educación Mediambiental Naturnova* da Fundación Caixanova).

A denominación dos centros non son un indicador dos contidos, das actividades nin dos programas que ofertan. Os centros e EqEA podemos diferenciarlos segundo as súas actividades en tres grupos: os que se adican a expoñer, exhibir e divulgar os valores patrimoniais con escasa participación dos usuarios e usuarias (*Centros de Interpretación, Centros de Visitantes, Museos e Zoolóxicos*), os que deseñan porpostas activas nas que os participantes teñen un estreito contacto coa realidade no medio natural (*Aulas de Natureza*) ou rural (*Granxa Escola*) (Cadro nº 8). A maioría dos EqEA respontan á tipoloxía de Aulas de Natureza e Granxas Escola, fronte ás experiencias máis expositivas: Ourense é a única provincia que non conta con Granxa-Escola, e A Coruña a que ten maior oferta delas; pola contra, Ourense é quen conta con moir número de Aulas da Natureza.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centro Interpretación, Museos e Zoo	19/5	8/2	13/1	10/3
Aulas da Natureza	8/5	4/2	9/6	5/5
Granxas Escola	4/3	2/1	-	2/2

Cadro nº 8: Distribución dos centros e EqEA por provincia e tipoloxía

Os usuarios e usuarias son maioritariamente poboación dos centros educativos (entre o 72% e o 100% dos casos), máis en moitos dos centros, a oferta non está adaptada a este público, senón que é unha oferta xenérica. A diferenza do que ocorre no resto do Estado, antes da estancia e despois dela non se fan actividades conxuntas; os que programan con anterioridade limitanse a proporcionar un programa de actividades e acordalas co responsable do grupo. Non existen publicacións de apoio con propostas de actividades previas para o alumnado ou para o profesorado como noutras Comunidades, nin tampouco vídeos divulgativos que se exhiban previamente nos centros aos pais e nais, nin estancias de programación co profesorado nas instalacións: por esta razón, as estancias nos EqEA son en moitos dos casos algo anecdótico e con pouca pegada no curriculum escolar. Respecto á avaliación, poucos centros preocupáanse en recoller as valoracións dos participantes, dos responsables dos grupos ou de observadores externos; aínda son menos os que fan públicas ditas valoracións.

Existen importantes valeiros en canto á normativa, polo que cada centro decide acollerse ao regulado noutros sectores (turismo rural, albergues, zoos, etc.). Non existe regulación específica respecto aos centros con capacidade de aloxamento, nin para os que contan con animais en cautividade, tampouco sobre a capacidade de carga das instalacións e do contorno.

A metade dos edificios son rehabilitados, e a outra de nova construción: o 45% deseñados para o uso actual e o 5% creados para outro uso e posteriormente adaptados.

Moitos centros están mal comunicados e peor sinalizados nas estradas; existen instalacións nas que non se pode achegarse en autocares, con accesos en mal estado ou sen asfaltar, sen aparcadoiros, inaccesibles para persoas con cadeiras de rodas ou con carriños para os pequenos... O 48'48% dos centros presentan barreiras arquitectónicas. Hai casos tan sorprendentes como o Centro de Visitantes das Illas Cíes que carece de aseos. En canto á sinalización atopamos que moitos dos centros foron acumulando distintos sistemas de rotulación, sendo especialmente rechamantes os casos do Centro de Visitantes do PN Monte Aloia ou o Aula de Natureza de Ancares onde se localizan al menos 5 carteis diferentes, con denominacións distintas do mesmo centro. Só 3 dos 99

centros podemos consideralos como exemplares en canto a técnicas constructivas, eficiencia enerxética e xestión do auga: *Centro de Educación Ambiental As Corcerizas*, *Alvarella Ecoturismo* e *Parque Experimental Sotavento*.

Tamén hai deficiencias importantes en canto aos sistemas de seguridade e emerxencia: hai centros con rexas nas fiestras que non se poden abrir dende dentro, coas portas dos dormitorios e aulas unhas fronte a outras, con pasillos de dimensións reducidas, con cristais nas portas de paso, con zonas perigosas nos exteriores sen sinalizar, etc. Só o 12'12% dos EqEA declaran ter un protocolo de evacuación e un plano de emerxencia. Tampouco hai regulación específica sobre as pólizas de seguro.

Respecto aos recursos, os máis empregados son os audiovisuais (películas comerciais, montaxes de diapositivas ou vídeos sobre o contorno), maquetas e exposicións; en menor medida cóntase con prismáticos, material didáctico, guías, cadernos de campo, etc. o que indica que as ofertas son en moitos casos poucos participativas e moi transmisivas. É frecuente a oferta de roteiros, mais poucos centros contan con sendeiros sinalizados para rutas autoguiadas.

Respecto aos equipos educativos, existen 119 persoas traballando a tempo completo ou parcial, e 55 colaboradores nos EqEA; trátase de persoa moi novas (o 75% ten menos de 30 anos) con formación superior ou media (tamén no 75% dos casos). É frecuente atoparse con equipos directivos nos centros, así como con persoal de mantemento, limpeza e administración (19 de dirección, 41 de mantemento e 10 na administración). Respecto ao tipo de contratación, é maior a proporción de contratados a tempo parcial nos centros da Xunta de Galicia e contratos mais estables nos centros privados.

Como remate, sinalar que se trata dun sector mal divulgado e pouco coñecido. Aínda que máis da metade dos EqEA e das instalacións son gratuitas teñen problemas para conseguir ocupación ao longo do ano: os meses de novembro, decembro, xaneiro e febreiro son de baixa ou nula ocupación para moitos deles e marzo, abril e maio de ocupación alta ou plena. O custo das actividades non gratuitas móvese entre os 4'5 euros e 18 euros por día. As razóns deste descoñecemento débense a que a metade dos centros non teñen folletos impresos, e 1/3 carecen de páxina web e/ou de correo electrónico. Maioritariamente din non facer difusión nos xornais, revistas especializadas e nas radios; tampouco exponen en feiras nin presentan comunicacións en Congresos e Xornadas; máis da metade non están en ningún rexistro (CENEAM, Rede de Turismo Rural, Rede de Albergues, Rede de Centros de Educación Ambiental...), nin fan intercambios con experiencias similares.

O papel da Administración

Ao carón da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), iniciáronse procesos de regulaci3ns para os centros e EqEA: a Carta de Calidade e o Rexistro de Centros son proba diso. M3ais estas iniciativas non tiveron pulo alg3un unha vez publicados no DOG.

Na EGEA establ3cese a necesidade de crear unha *Rede de Centros*; na actualidade a Xunta de Galicia conta con varias redes paralelas e descoordinadas: a Rede de Aulas Forestais (con 3 centros), a Rede de Centros de EA (con 6 centros do Centro de Desenvolvemento Sostible e 5 da Direcci3n Xeral de Conservaci3n da Natureza), o Rexistro de centros (con s3o 3 EqEA e 8 entidades ou asociaci3ns), a Rede Galega de Patrimonio Arqueol3xico (con 4 centros)...

A diferenza doutras Comunidades, non existe unha li3a estable de financzamento para estes centros, nin de subvenci3ns para os usuarios; tampouco hai un programa consunto coa Conseller3a de Educaci3n. Ao contrario, a Xunta establece convenios e axudas sen concurso p3blico, como fixo no caso da *Aula de Natureza de Crendes*, a *Granxa Ecol3xica de Vilasantar* ou o *Centro de Interpretaci3n da Avifauna*.

A pesar de contar cun marco legal mais regulado que noutros territorios – a3inda que todav3a escaso – a carencia dunha planificaci3n e unha pol3tica estrat3xica no sector 3 evidente, po3nendo en risco moitas iniciativas e provocando que moitos e moitas profesionais te3nan que deixar o 3mbito da EA ou sigan nel en condici3ns laborais precarias.

A Xunta de Galicia 3 a propietaria de 32 instalaci3ns (10 EqEA) m3ais est3 a xestionar un n3mero significativamente inferior: 18 instalaci3ns das que s3o 2 son EqEA. Os outros est3n xestionados por empresas e entidades privadas. Non existe un modelo 3nico de concurso ou acceso 3 xesti3n, sen3n que dependen dos criterios que no seu momento estableza a Direcci3n Xeral competente. As condici3ns laborais que abocan estes concursos son significativamente peores que nos casos de cesi3n por parte de Concellos ou Empresas: unha persoa a tempo completo e 1 ou 2 a tempo parcial, contratadas arredor de 6 meses ao ano, cunha categor3a laboral e con soldos significativamente inferiores a s3a formaci3n. Todas as actividades nos centros son gratuitas a excepci3n da *Aula da Natureza A Cabalar*, sendo o seu custe simb3lico (177'30 euros por d3a para un grupo de 33 persoas).

Pola s3a banda, as iniciativas de car3cter municipal, tampouco respostan a un plan estrat3xico, sen3n que a meirande parte dos casos, son o resultado dunha axuda europea para rehabilitar patrimonio ou para a creaci3n de infraestructuras, moitas das veces a trav3s dunha escola-

taller. Son os centros con menos recursos humanos, e en moitos dos casos, o persoal está a asumir outras tarefas ao tempo (Casa da Xuventude, Concellería de Cultura, Información Turística...). Na metade dos centros a oferta de actividades non é gratuita, máis o prezo é moitas das veces testimonial (arredor de 1 euro). En ningún dos casos de instalacións xestionadas por entidades privadas, a cesión foi por concurso, senón que foi unha cesión directa; estes centros non reciben axuda por parte dos Concellos, nin económica nin material (mantemento das instalacións, divulgación, contratación de actividades para a poboación local...).

Potencialidades e retos

Como queda patente, Galiza conta cun amplo abano de instalacións para a EA, nas que se están a ofertar numerosas actividades, de diversa duración, con contidos variados e con prezos que posibilitan o acceso da maior parte da poboación. Máis é necesario fornecer o sector con apoios económicos, legais e materiais porque a situación é precaria en moitos dos casos. Algunhas das medidas a tomar poderían ser:

establecer unha planificación estratéxica do sector, atendendo as demandas reais e futuras, e valorando as ofertas existentes: as Administracións competentes deben definir o papel dos EqEA; é necesario acordar unha planificación territorial, unha política de prezos que os fagan viables e a distribuzón en canto a contidos e temáticas.

invertir nas instalacións para adaptalas aos servizos que prestan: eliminar barreiras arquitectónicas, mellorar os sistemas de aillamento e calefacción, ampliar o número de servizos e baños, establecer criterios de aforo e capacidade de carga, etc.

deseñar unha imaxe corporativa para os EqEA que permita aos usuarios e usuarias identificalos, así como coñecer de antemán os servizos que prestan

actualizar as exposicións e a información de moitos dos centros, así como profundar nos contidos, ampliar a oferta de actividades, crear materias e recursos intermedios (fundamentalmente os dirixidos aos centros educativos como cuadernos de campo, material para o profesorado, guías, unidades didácticas, etc.) e introducir a avaliación como un práctica cotiá.

potenciar a formación e actualización do persoal dos EqEA, do mesmo xeito que está a suceder con outros profesionais do ámbito educativo.

integrar os EqEA localizados nos Espazos Naturais Protexidos na xestión dos

- mesmos, definido a súa participación no uso público; deseñar accións coordinadas en vez de crear máis servizos que dificilmente van poder manterse.
- favorecer a existencia de programas dirixidos á poboación onde se localiza o centro, contribuíndo ao desenvolvemento local e á participación dos cidadáns na mellora e conservación do patrimonio.
- divulgar a oferta existente por cauces tradicionais e innovadores; facer campañas conxuntas de información e divulgación; favorecer a comunicación e o intercambio a través dunha Rede de EqEA real.
- potenciar unha política de prezos que permita a democratización do servizo, poidendo achegarse calqueira persoa ou grupo interesado.
- integrar os EqEA nas actividades de formación que promoven as Administracións, potenciando o desenvolvemento de actividades dirixidas a outros sectores como técnicos e políticos municipais, xerentes e directivos de iniciativas que inciden no medio ambiente, profesorado, etc.
- revisar a Carta de Calidade para os centros galegos de EA e establecer un regulamento específico e realista no que se especifique criterios obrigatorios e opcionais; o cumprimento da normativa existente debería facilitar o acceso a subvencións e beneficios directos.

Referencias bibliográficas

- COSTA, Antón (2001): *A Colonia Escolar Compostelana de 1893. Primeiro Centenario*. A Coruña: Consorcio de Santiago.
- FRAGA, Xosé A. (1990): "Pasado e presente da educación ambiental en Galicia", en Manuel P. BRAÑAS ET AL. (Coords.), *Encontro sobre Educación Ambiental en Galicia. Ponencias e Comunicaciós*. Santiago: Xunta de Galicia. Páxs.: 9-30
- GABRIEL, Narciso DE (1989): *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural*. A Coruña: O Castro.
- PORTO UCHA, Angel S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. A Coruña: Ed. do Castro.
- POUSA ANTELO, Avelino (1988): *Unha escola para a Galicia rural: A Escola Agrícola da Granxa Barreiros (Sarria-Lugo)*. A Coruña: Edicións do Castro.
- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (1978): *La educación en la Sociedad Económica de*

Amigos del Pais de Santiago (S. XVIII-XIX). Universidade Pontificia de Salamanca. Tese de Doutoramento. Vol. I.

¿PROFESIONAIS DA EDUCACIÓN AMBIENTAL?

Xulio Gutiérrez Roger

Iniciamos esta reflexión cunha interrogante porque os educadores e educadoras ambientais son, neste momento, arraianos que transitan por unha difusa fronteira entre o profesional e o diletante, entre o establecido e o emerxente entre o traballo voluntario e o remunerado. ¿Estamos, logo, ante unha nova profesión? ¿ou se trata aínda dunha ocupación?

Unha das características propia das transicións é a incertidumbre. A profesionalización dos educadores e educadoras ambientais (ErAm) é un proceso imparabile pero incerto e inzado de oportunidades e ameazas. Non está claro se o balance de perdas e ganancias da formalización dunha profesión tan vocacional como esta vai ser satisfactoria para todas as persoas que participan dela. Existe unha forte resistencia, tanto entre os teóricos como entre os practicantes da educación ambiental, a promover unha profesionalización no seu sentido máis clásico, o que conduciría inevitablemente á creación dunha titulación específica, homoxenización duns estudos iniciais, creación dun colexio profesional, etc. Pola contra, os ErAm consideranse a si mesmos como un colectivo cun campo profesional específico e cuns sinais de identidade propios. Pretenden afianzar o seu quefacer profesional pero sin perder unha esencia forxada en dúas décadas de compromiso e intenso traballo.

Un recente traballo de campo ofrece datos, que non por sospeitados resultan menos rechamantes, para aproximarnos a estas persoas que fan educación ambiental en Galicia e tratar de establecer o seu perfil socioprofesional aproximado.

Os ErAm son maioritariamente xóvenes, especialmente os pertencentes o colectivo dos monitores de base, amaioría (76%) son solteiros/as, e só o 20% teñen fillos/as. No perfil social deataca o alto grao de compromiso, pois máis da metade dos entrevistados/as participa en dúas ou máis asociaciónes, e curiosamente enfróntase unha alta afiliación a asociaciónes ecoloxistas, vecinaies e de axuda ó desenvolvemento así como de participación en actividades de voluntariado de diversos tipos, cunha moi baixa afiliación a organizacións polífticas e sindicais.

O posicionamento político está moi claramente definido cara á esquerda, o 80% sitúase na esquerda ou centro esquerda; só o 5% no centro ou centro dereita e ninguén declárase abertamente de dereitas. A simpatía polas opcións nacionalistas casi duplican ás non nacionalistas.

O galego é a lingua vehicular maioritariamente empregada no traballo diario (máis do 90%) e ademais declárase o coñecemento suficiente de linguas estranxeiras como inglés (75%), portugués (26%), francés (20%), catalán e italiano.

El nivel de estudos do colectivo é considerable, case o 80% son diplomados ou licenciados e máis do 35% posúen, ademais doctorados, másters ou postgraos. A titulación máis frecuente é a de Bioloxía (60%) seguida por Ciencias da Educación e Xeografía e Historia. Pero aínda é máis salientable o alto nivel de formación non graduada; a maioría están en posesión dun ou de varios títulos de Monitores de Tempo libre, Monitores da Natureza ou Directores de Campamentos. Pero se a formación inicial é boa, a formación continua é notable e alcanza as 55,2 horas de media. Incluso podemos falar de casos de hiperformación con máis de 500 horas de formación e seis cursos realizados nun ano.

Sen embargo a situación laboral dos ErAm contrasta fortemente coa situación que se podería deducir das primeiras informacións. Laconicamente podería expresarse como "subemprego precario", se ben hai diferencias que convén matizar.

O grupo dos asalariados, formado por contratados eventuais por empresas ou pola administración local, soporta unha precariedade laboral escandalosa e ten un nivel de ingresos moi variable dependendo do número de meses traballado. En todo caso o 70% non traballou de forma continua os últimos seis anos y gaña menos de 12.000 euros anuais. Este colectivo ten unha taxa de reemprazo moi alta. Según O. Cid "os ErAm teñen data de caducidade coma os iogures e abandonan a ocupación aos catro anos de exercicio como media".

O segundo grupo está formado superviventes do grupo anterior que buscando vías de autoemprego máis ou menos estable forman empresas, cooperativas, ou entidades variadas. A maioría destas empresas prestan servizos educativo ambientais á administración autonómica ou local.

Finalmente hai que considerar un pequeno grupo de funcionarios docentes contratados eventualmente pola administración autonómica ou as Universidades e que non poden ser considerados "strictu sensu" educadores/as ambientais.

Non é fácil definir o campo profesional dos ErAm. A diversidade de actividades que realizan é moi amplo e vai desde o deseño, execución e

avaliación de programas e actividades de EA, actividades de interpretación do patrimonio, de información ambiental ata a elaboración de materiais didácticos. Por outra banda máis do 80% debe simultanear esta actividade con outras que non ten nada que ver coa EA.

Podemos concluir afirmando que o campo de traballo dos ErAm está condicionado pola súa propia historia como colectivo e polas historias persoais e traxectorias vitales de cada un deles. En resumo destaca a vocación pedagóxica do perfil profesional xeral, a súa visión crítica e transformadora da sociedade así como a gran capacidade de compromiso e sacrificio para soportar unhas condicións laborais deplorables na maioría dos casos.

BIBLIOGRAFÍA

- Gutiérrez Pérez, J. (1996) "Hacia un perfil profesional del educador ambiental consensuado, polifacético y abierto a las necesidades reales de nuestro tiempo", en Ponencias. Congreso Internacional en Educación Ambiental. Santiago de Compostela
- Gutiérrez Roger, Xulio. (2002). "El perfil socio-profesional de los educadores y las educadoras ambientales en Galicia". En CICLOS nº 13. Valladolid.
- Petrus, A. (1993) "Educación social y perfil del educador/a", en Saez Carreras, J. (coordinador) El Educador Social. Universidad de Murcia.
- Xunta de Galicia. (2000) "Estratexia Galega de Educación Ambiental". Santiago de Compostela.

O PRESTIGE, O PODER DA EDUCACIÓN AMBIENTAL E NÓS

Pablo Ángel Meira Cartea

Quen traballamos no campo da Educación Ambiental (en adiante EA) levamos máis dunha década –dende o Cumio Ambiental de Río de Xaneiro de 1992- perseguindo, cal galgos nun canódromo, la lebre do Desenvolvemento Sostible. Non é esta unha figura retórica gratuíta. Como ben se sabe, os galgos nunca chegan a capturar a lebre que, ademais, non é tal aínda que o pareza. Os galgos creen saber porque corren –para capturar a lebre- pero realmente o fan para facilitar un negocio de apostas, parece ser, nada desprezable. Esta finalidade nunca é cuestionada polos seus principais protagonistas, obvia dicir que os galgos non teñen a capacidade de facelo, anque son os que pagan o pato cando non gañan (e eso acaba sucedendo tarde ou cedo). Tampouco teñen a posibilidade de optar por outro xogo ou por outro “campo” de xogo, dado que non depende da súa vontade o correr ou non. O seu mundo é un “canódromo” e nin sequera poden saber que ese mundo só é un entre outros posibles.

Non sei si hai moitos ou poucos actores da EA que se identifiquen con esta metáfora ou, polo menos, que vexan nela elementos que describan seu papel ou o papel ó que parece estar abocada nas denominadas sociedades avanzadas. Eu vexo moitas, demasiadas, similitudes.

Para empezar, o terreo de xogo levantado en torno o Desenvolvemento Sostible non o eliximos nós. Ben é certo, e eu entre moitos outros e outras, que aceptamos, con non pouco voluntarismo, xogar nel. Anque despois do sucedido –mellor dito, do que non sucedeu- no Cumio de Johannesburgo do ano 2002 e de sucesos aparentemente puntuais –so aparentemente- como a catástrofe do *Prestige*, quizás haxa que pensar que pouco hai que esperar da lebre do Desenvolvemento Sostible. De feito, óbviose con demasiada facilidade que a receita final do coñecido *Informe Brundtland* (WCED, 1987), que oficializou o concepto, era máis do mesmo: un crecemento económico sostido que permitise liberar recursos económicos no Norte e no Sur para afrontar, simultaneamente, a crise ambiental e a do desenvolvemento. A clave é, pois, que todo pasa –e por eso o desenvolvemento sostible é plenamente aceptado e utilizado na súa retórica polo Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, gobernos neoliberais, multinacionais, etc.- como un argumento máis para afondar na desregulación do mercado e no que, tantas veces con cinismo, identifícase como a “verdadeira democracia”.

A difícil tarefa da Educación Ambiental

¿Como convencer á poboación dos países occidentais –e Galicia está, queirámolo ou non, neste espazo, aínda que na súa periferia socio-económica- de que o seu estilo de vida o o modelo económico que o sustenta producen efectos indesexables que ameazan os niveis de benestar e calidade de vida alcanzados? ¿Como pode esta mesma poboación, pouco máis do 20% do total mundial, aceptar os cambios necesarios para revertir os riscos ambientais e os derivados da inxusta distribución dos recursos do planeta? Salvo para educadores inxenuos ou neoliberais (que os hai), sobre estas cuestións pivota a razón de ser da EA. A primeira faena, concienciar sobre a relevancia de los problemas ambientais, está parcialmente conseguida. Os estudos de opinión mostran ata que punto a poboación occidental "identifica" e é "consciente" da importancia dunha serie de problemas ambientais xa incorporados á cultura común de calquera cidadán (cambio climático, deforestación, destrucción da capa de ozono, destrucción da biodiversidade, etc.). Os niveis de coñecemento e conciencia, sen embargo, seguen a ser bastante elementais e non supoñen cambios substanciais nos estilos de vida ou nos comportamentos relacionados coa toma de decisións (o voto, a participación en colectivos ambientalistas, na demanda activa de cambios nas políticas ambientais, etc.). Esta "cultura ambiental" é aínda moi superficial.

Dous son os principais procesos psicosociais que explican a dificultade para arraigar unha "cultura ambiental profunda". En primeiro lugar, as ameazas ambientais máis graves teñen unha natureza contrafáctica. Sabemos que existe o cambio climático, por exemplo, porque a comunidade científica o ven divulgando a través, principalmente, dos los medios de comunicación. Creemos que é un problema importante case como si dunha cuestión de fe se tratase, pero non podemos identificar como pode afectarnos no presente ou a medio e longo prazo, ni cal é a nosa "responsabilidade" na súa xénese. Carecemos da capacidade sensorial para detectar que o clima terrestre esta a cambiar e incluso erramos cando atribuímos a este cambio a aparición de determinados fenómenos atmosféricos atípicos que forman parte, non obstante, da normalidade metereolóxica.

En segundo lugar, a complexidade tecnolóxica e social inherente ós procesos de manipulación e transformación da natureza nas sociedades avanzadas impide que sexamos conscientes de como se relacionan os nosos comportamentos individuais e colectivos coa degradación da biosfera. A xenealoxía ambiental ou social dos produtos e servicios que consumimos e dos residuos que liberamos no contorno, queda case sempre oculta. Podemos ser conscientes da existencia de determinados

problemas ambientais pero dificilmente coñecemos a súa etioloxía ou o noso papel, individual e colectivo, en que tais problemas cheguen a existir. Aínda máis, cando chegamos a entrever esta complexidade, resulta difícil pensar que unha acción individual pro-ambiental poida alterar dun xeito relevante a orde establecida. A globalización veu a incrementa-la opacidade e complexidade dos problemas, alimentando a sensación impotencia incluso entre a cidadanía máis consciente. O *Prestige*, dalgún xeito, rachou violentamente para un sector da poboación galega, a distancia física, simbólica e social que nos separa dos problemas ambientais ou, dun xeito máis xenérico, da crise ambiental.

Existe una terceira dificultade engadida. En practicamente tódolos documentos que teñen marcado a historia da EA nos seus pouco máis de 30 anos de evolución (Belgrado, Tbilisi, Moscova, Río de Xaneiro, Tesalónica, etc.) insístese en que a mudanza social necesaria para afrontar la crise ambiental require tamén dun fondo e significativo cambio de valores. ¿Que valores é preciso mudar? Neses mesmos documentos non se identifican claramente: fálase de respecto á vida, da protección da Natureza e, a partir do ano 1992, da sostibilidade como un valor guía. Pero o certo é que, en cando se traballa cun mínimo de coherencia en calquera ámbito da acción educativo-ambiental resulta fácil entrar en contradicción cos valores que están en plena vixencia e son funcionais nas sociedades avanzadas no marco da economía de mercado: fronte á mesura no uso dos recursos naturais impónse o consumismo como un dos motores económicos, fronte á necesidade de redistribuír beneficios e cargas ambientais impónse a dinámica egoísta do mercado, fronte ao eloxio da participación e a transparencia nos asuntos públicos impónse a pasividade cidadán e a opacidade das administracións e dos axentes económicos, etc. De feito, a práctica da EA, cando é capaz de transcender os enfoques máis superficiais e voluntaristas (naturalistas, conservacionistas...), entra con facilidade en conflito directo coa realidade, é dicir, co mercado e a cultura ambiental e política que o soportan e lexitiman. É por elo que temos caracterizado a EA como unha educación eminentemente cívica y política (Caride y Meira, 2002), para a que é tan relevante a crise ambiental como o goberno democrático da sociedade.

O *Prestige* como revelación

Esta é unha porción importante do escenario social no que naufragou o *Prestige*. Non imos aquí a rememorar a historia dun accidente marítimo e de como se converteu en catástrofe cando as sucesivas mareas negras

asolaron a costa galega e o litoral cantábrico. Tampouco queremos facer fincapé na indefensión dun pobo diante da inhibición e ineptitude das Administracións responsables, comezando pola estatal e seguindo pola autonómica, a europea e a internacional. Interésanos o *Prestige* como metáfora, como lúcidamente recollía a editorial da revista *Cuadernos de Pedagogía* daquelas datas. Metáfora que en certa medida ilumina o papel da EA nas sociedades avanzadas, na que nós estamos insertos, e amosa como, nun escenario de catástrofe, demostra tódalas súas contradicións, debilidades, potencialidades e limitacións. Así retornamos ao comezo deste texto.

Aínda que resulte difícil de crer dada a atonía da Administración autonómica na dimensión educativa da política ambiental, Galicia dispón desde 1999 unha *Estratexia de Educación Ambiental* (Xunta de Galicia, 2000). Trátase dun documento extenso, promovido polo Goberno do Partido Popular na pasada lexislatura e, para maior relevancia, publicado no Diario Oficial de Galicia. En liñas xerais, é un documento de principios e recomendacións coa finalidade de fomentar na sociedade galega o desenvolvemento sostible utilizando a EA como unha ferramenta para tal fin, convocando a participar nesta tarefa a distintos axentes educativos: o sistema escolar, os medios de comunicación, as asociacións e os grupos ecoloxistas, os sindicatos, as empresas, etc. e tamén ás administracións públicas en tódolos seus niveis. Nela fálase de "promover unha toma de conciencia crítica e sensible respecto ao medio ambiente" (p. 18), de "desenvolver actitudes, valores e comportamentos ambientais congruentes cun pensamento e unha ética ecolóxica orientada por criterios de solidariedade, equidade e xustiza social" (p. 18) e de "incentivala participación social, nos planos individual e colectivo incrementando substancialmente os niveis de información e coresponsabilidade cidadán en cuestións ambientais" (p. 19).

Na mesma liña expresase o *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España* (Ministerio de Medio Ambiente, 2000), considerado como o documento estratéxico do Estado español neste campo. Nel asúmese como finalidade principal "a construción dun modelo de sociedade baseado nos principios da sostibilidade", capacitando "ás persoas en estratexias de obtención e análise crítico de información ambiental" (p. 41).

Nada que obxectar a ambos documentos, salvo que é un discurso retórico e litúrxico, sobre todo no que afecta ás recomendacións e compromisos referidos ás Administracións promotoras. Na catástrofe do *Prestige*, todos e cada un dos principios e obxectivos atribuídos a EA para o Desenvolvemento Sostible en ambos textos teñen sido ignorados ou vulnerados polas mesmas Administracións que lle deron carta de natureza

oficial. No só eso, a súa actuación entrou en clara contradicción frontal con ditos principios: falta de transparencia e manipulación dos medios de comunicación e da información para ocultar a verdade, condena dun movemento cidadán proactivo, coartación de dereitos democráticos fundamentais (de manifestación, de expresión, de asociación), condena dos procesos de participación cidadán e represión das propostas e accións educativas de resposta á catástrofe, tanto dentro como fora do sistema educativo.

Este comportamento es causticamente denominado por Beck (2002) como "irresponsabilidade organizada". Nesta expresión, o sociólogo alemán, sintetiza o paradoxo da indefensión que nos ofrecen os Estados modernos diante dos riscos ambientais que, entre outros, xorden do seu propio éxito civilizador e ante os que, cando se concretan de xeito catastrófico, esperamos que os "sistemas expertos" encargados de velar pola seguridade colectiva (dispositivos de salvamento, de protección civil, de I+D, normas de control ambiental, etc.) nos ofrezan protección efectiva. Galicia ten experimentado nas súas carnes esta contradicción: ante a incapacidade das Administracións para responder axeitadamente á catástrofe, o Estado ausente e a Administración autonómica inoperante, puxeron en marcha unha operación de negación, de deconstrucción simbólica da catástrofe diante da cidadanía, utilizando os medios de comunicación afíns e mobilizando todos os resortes de control político, económico e social ao seu servizo, que son abraiantes.

Buscou, en fin, convencernos de que non habería marea negra, de que os responsables eran outros, de que estabamos a sufrir unha "catástrofe natural" e polo tanto allea a súa responsabilidade, ou de que calquera outro goberno veríase abraiado pola súa magnitude (argumento que refuta a mesma negación da existencia da catástrofe). A gran preocupación dos responsables gobernamentais foi practicamente dende un principio a eliminación da "marea negra", pero non a que enlodou o noso litoral, senón a que podía chegar á opinión pública, a que podía traducirse nunha penalización electoral e na consecvente perda do poder. Fronte a deconstrucción oficial da catástrofe impúxose a deconstrucción cívica desta estratexia, que desvelou a un sector importante da sociedade galega e española a dimensión eminentemente política deste tipo de sucesos so en aparencia continxentes. O que comezou sendo un accidente marítimo e pasou a ser unha catástrofe ambiental sen precedentes na Europa, acabou tamén por converterse nunha crise democrática aínda sen resolver. Una crise que desenmascarou a quen, lonxe de salvagardar o ben común, persegue manterse no poder a calquera prezo, incluído o da verdade e a democracia.

O regreso da Educación Ambiental

A Educación Ambiental, así, a secas, sen apelidos que a ligen o Desenvolvemento Sostible, tivo un papel destacado na denuncia da non-catástrofe, na súa desmontaxe crítica e na resposta social ao proceso de ocultación emprendido dende as institucións responsables.

O seu aporte pode ser contemplado dende dous puntos de vista. En primeiro lugar, e aínda que será preciso analizar con maior detalle o retrato social de quen participou no movemento cidadán de resposta, organizado principalmente en torno á Plataforma Nunca Máis, penso que existe un compoñente xeracional que se puido percibir nas accións públicas realizadas e no groso de persoas que integraron os colectivos e plataformas que coordinaron e facilitaron a mobilización social. Ten sido a que denominaremos "xeración da Educación Ambiental" quen liderou e nutriu este movemento, tanto cualitativa como cuantitativamente.

Como se sabe, a EA deu os seus primeiros pasos na década dos anos setenta do pasado século, asociada á actividade de grupos de renovación pedagóxica dentro do sistema educativo e ó labor das primeiras organizacións ecoloxistas. Estas iniciativas se foron multiplicando progresivamente, en todo caso con máis lentitude na Galicia que noutras zonas do Estado. A consideración dos temas transversais na agora defenestrada LOXSE reforzou a presenza da EA no ámbito escolar. Tamén foron a máis, non sen dificultades dados os condicionantes socioculturais e económicos do noso contorno, as experiencias educativas fora da escola: equipamentos de EA, campañas de información cidadán promovidas por colectivos ecoloxistas ou institucións, materiais didácticos específicos, incorporación da EA ós currículos universitarios, etc. Case sempre con poucos medios pero con grandes doses de creatividade e compromiso social e ambiental.

Pódese falar dunha "choiva fina" que, ata o vómito do *Prestige*, a penas tiña amosado en Galicia a súa "efectividad". Unha "choiva fina" de experiencias, materiais, programas –moitas veces manifestamente mellorables- para sensibilizar e concienciar á poboación galega da importancia de preservar o ambiente e sobre a natureza ecodependente da nosa especie que emerxeron agora en forma dunha mobilización cidadán fai poucos anos impensable. Rememoremos que a marea negra ocasionada polo *Prestige* é a quinta padecida por Galicia nas últimas tres décadas, sen contabilizar outros naufraxios que tamén liberaron substancias tóxicas nas nosas costas. Nunca con anterioridade, sen embargo, se tiña producido una reacción cívica de contestación de tal

magnitude e intensidade. No núcleo desta mobilización está a xeración da EA, xoves que durante os últimos 25 anos estiveron baixo a súa “choiva fina” e que sitúan o ambiente nun lugar destacado da súa xerarquía de valores e intereses, que manexan máis información e que teñen criterios máis formados e críticos para calibrar a transcendencia social e política deste tipo de catástrofes. Son xoves desta mesma xeración, tamén, os que engrosaron a avalancha de voluntarios vidos doutras rexións e países a colaborar nas labores de retirada de fuel da costa.

A esta xeración, a mellor formada na historia de Galicia se atendemos as estatísticas oficiais, tamén pertencen a maior parte dos intelectuais, científicos, escritores e artistas que asumiron un papel destacado na mobilización. O problema, si así se pode cualificar, é que a sociedade galega está envellecida e que esta xeración supón pouco máis dun tercio da poboación da comunidade.

A segunda liña de presenza da EA na catástrofe do *Prestige* ten que ver coa vasta resposta educativa que se lle deu dende a escola e por iniciativa doutros axentes e institucións sociais (ecoloxistas, universidades, asociacións culturais...). O que fixo este conxunto de actores é, nin máis nin menos, que poñer en práctica todos e cada un –no seu ámbito, campo ou nivel- dos esixentes principios, obxectivos e recomendacións que se recollen na *Estratexia Galega de Educación Ambiental* e no *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. O paradoxo é que no se fixo educación para o “desenvolvemento sostible”; fíxose, simplemente, educación, Educación Ambiental de emerxencia, diante dunha situación extrema na que era preciso responder ao impacto emocional, económico e social da catástrofe, darlle algún sentido e ofrecer claves para a súa comprensión e para pensar vías constructivas de resposta.

A negación governamental da catástrofe no fixo máis que acentuar a sustancia política deste labor: practicamente tódalas experiencias educativas que tomaron e toman o *Prestige* como centro de interese acabaron non só por construír lecturas e interpretacións alternativas á “verdade” oficial, senón que fixeron da disección da versión oficial un recurso didáctico de primeiro orde. Practicamente todas, tamén, deron lugar a accións cívicas dun claro sentido político: redacción de cartas de solidariedade e denuncia, elaboración de manifestos, participación en concentracións e manifestacións públicas, participación na limpeza e control do litoral contaminado, organización de cadeas humanas, colocación de carteis e pancartas, edición de audiovisuais e revistas con visións alternativas da catástrofe, etc.

Relevancia social, interdisciplinidade, atención á dimensión emotiva, uso creativo de tódalas linguaxes expresivas, vinculación co entorno

social, conexión entre o local e o global (acentuada coa entrada na escena da guerra no Iraq), aproveitamento didáctico e lectura crítica dos medios de comunicación, motivación para a acción solidaria... son principios que se puxeron en práctica de forma case espontánea nas iniciativas educativas que se levaron a cabo na maioría dos centros de ensino galegos. Hai tamén nesta reacción unha compoñente xeracional que comprende destacar, con dous colectivos docentes como principais protagonistas: por unha parte, aqueles que mantiveron a tensión innovadora dos Movementsos de Renovación Pedagóxica que xurdiron a finais dos anos 60 e na década dos 70, ó calor do clima de renovación social e política que caracterizou os últimos anos da dictadura franquista e a transición á democracia, que mobilizaron e activaron agora a súa experiencia diante da urxencia da situación; e, por outra, xoves de recente incorporación á carreira docente, que ben poderíamos integrar na que identificamos como "xeración da Educación Ambiental". Son eles e elas quen tomaron a iniciativa a través de colectivos como Areanegra, constituíndo grupos de traballo pedagóxico e utilizando de xeito intensivo e creativo as novas tecnoloxías como instrumentos didácticos e como medios de comunicación.

Aínda que poida parecer un contrasentido, a reacción da Consellería de Educación da Xunta de Galicia a través da lamentablemente coñecida Circular enviada a tódolos centros públicos da comunidade para prohibir e censura-las expresións críticas xurdidas no seo do sistema educativo, primeiro como resposta ao *Prestige* e despois como rexeitamento á guerra no Iraq, é un bo indicador de que a EA desenvolvida durante estes meses tocou "oso". Diante da fondura política (reivindicamos a dignidade e o valor educativo e social desta palabra) das experiencias educativas emprendidas, dentro e fora dos centros de ensino, é posible que os gobernos conservadores do Partido Popular en Galicia e no Estado, tomasen conciencia do poder cívico e democratizador da EA e, en xeral, dos chamados temas ou contidos transversais. Algo que posiblemente xa tiñan asumido e descontado na medida en que a LOCE os ignora, unha fórmula máis ou menos discreta de excluílos dos currícula oficiais.

Debemos destacar que noutros países occidentais, nos que o neoliberalismo está máis arraigado, a Educación Ambiental crítica cos excesos ecolóxicos e sociais do mercado esta sendo fortemente cuestionada dentro e fora das escolas, sendo acusada de parcialidade ideolóxica, de adoutrinamento e de manipulación das consciencias virxes e inocentes da infancia. Esta reacción ten sido especialmente virulenta nos EE.UU., pero é cada vez máis fácil detectar discursos e tendencias do mesmo tenor en Europa e mesmo no noso Estado.

E deste fenómeno, unha especie de contrarreforma educativo-ambiental, debemos estar moi pendentes. Deixemos de perseguir o galgo do desenvolvemento sostible e prestemos máis atención á realidade da crise ambiental, á que se expresa de xeito abraiante en forma de catástrofe e a aquela máis insidiosa que atravesa imperceptiblemente a aparente seguridade da vida cotiá nas nosas sociedades do benestar. O poder, limitado pero real, da Educación Ambiental radica en non perder de vista a natureza conflictiva, contradictoria e profundamente social, política e humana da crise ambiental. Isto é o que nos ten ensinado, polo menos a algúns, a catástrofe do *Prestige*.

Epílogo

Cando este texto vexa a luz haberán transcorrido máis de dous anos dende o naufraxio do *Prestige*. Durante todo este tempo, a estratexia governamental de ocultación e minimización da catástrofe volveuse cada vez máis sutil, reforzada pola perda de actualidade e interese mediático e polo aparentemente escaso desgaste sufrido polo Partido Popular nas eleccións municipais do 2003 (aunque en Galicia foi de 4 puntos). Mentres o fuel segue lixando o litoral e sabemos que está aí, depositado no fondo e formando parte das cadeas tróficas, se mostran imaxes e se transmiten mensaxes que nos falan dun litoral outra vez, case milagrosamente, "esplendoroso". Tamén chegamos a saber neste tempo que os responsables oficiais descoñecen a cantidade de fuel vertido e tamén que algún deles xa declarou diante da Comisión francesa que investigou a catástrofe, pero que non o quixeron facer no noso país diante da negativa governamental a constituír calquera comisión parlamentaria que indagase na verdade do sucedido. O naufraxio do *Prestige* está en camiño de converterse nun feito puntual e continxente, en algo que aconteceu en Galicia por caprichos do azar ou do destino, pero que podería ter sucedido en calquera outro lugar.

Guía para a próxima catástrofe

A presenza física do fuel na costa xa non é tan apreciable para a poboación, aunque os informes científicos máis rigorosos estimen nunha década, como mínimo, o tempo necesario para que o litoral galego se rexenere parcialmente (Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003). Dalgún xeito, a catástrofe pasou a unha fase contrafáctica; o problema escapa agora ás nosas capacidades perceptivas e sensoriais e só a indagación científica e a análise complexa dos procesos ecolóxicos e económicos a medio e longo prazo será capaz de dar conta das súa profundidade.

Nestas condicións, o labor insidioso de deconstrucción da catástrofe por parte das instancias gobernamentais farase máis efectivo. As imaxes dos medios de comunicación máis comprometidos coa verdade xa non poden desmentir a retórica oficial: as cámaras e os ollos dos xornalistas xa non poden calibrar a contradicción entre a realidade e os discursos ocultistas. A recreación mediática da catástrofe precisa de imaxes que agora xa non se poden ofrecer.

Neste novo escenario, á Educación Ambiental correspóndelle agora unha tarefa máis difícil: salvagardar a memoria do sucedido e mostrar (e demostrar) os efectos ecolóxicos, económicos e sociais da marea negra a medio e longo prazo; é dicir, lle corresponde facer "visible o invisible". A pedagogía urxente dos primeiros meses ten que dar paso a un traballo máis repousado e reflexivo; un traballo que mostre a sustancia non continxente da catástrofe e a súa estreita e complexa vinculación con outras manifestacións da crise ambiental que son unha consecuencia, e ao mesmo tempo unha ameaza, do noso estilo de vida nas sociedades opulentas. Tamén é preciso formar á cidadanía para que perciba e entenda as contradicións ambientais e sociais que produce unha orde internacional dominada polos intereses egoístas do mercado agora globalizado, e para que esa mesma cidadanía consciente se comprometa en accións cívicas que erosionen a concepción neoliberal do mundo e que participe na busca de alternativas sociais, culturais, económicas e ecolóxicas a nivel local e global.

A asociación espontánea que en moitos centros escolares e dende moitos colectivos ambientalistas e cidadáns implicados na resposta cívica ao *Prestige* se fixo entre esta catástrofe e a II Guerra de Iraq, sinala un dos camiños a seguir. Non é só a conexión máis obvia que entre ambos sucesos establece o petróleo, senón a inqueda que produce un manexo socio-político da realidade que a deturpa e a manipula en función de intereses políticos e económicos espurios. Trátase, no fondo, dun reto educativo cívico e político, que non só ten que ver coa crise das nosas relacións co ambiente, senón que, e nun sentido máis amplo e integral, entronca coa posta en cuestión da sociedade "globalizada" que estamos a construír, dos valores que a rexen, dos fins que se perseguen e das formas de regular as relacións entre as persoas e de adoptar decisións que nos afectan a todos. É, precisamente, o redescubrimento desta dimensión política da Educación Ambiental (ou da Educación Cívica, da Educación para a Paz, da Coeducación...) o que converteu a reacción dos axentes educativos e sociais diante da catástrofe do *Prestige* nun fenómeno extraordinariamente valioso.

Bibliografía

Beck, U. *La sociedad del riesgo global*. Siglo XXI, Madrid, 2002.

Caride, J. A. y Meira, P.A. *Educación Ambiental y desarrollo humano*. Ariel, Barcelona, 2001.

Comisión Temática de Educación Ambiental. *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid, 1999.

WCED. *Nuestro futuro Común*. Alianza Editorial, Madrid, 1988.

Xunta de Galicia. *Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Consellería de Medio Ambiente, Santiago de Compostela, 2000.